**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA CATRO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 4 de xuño de 2020. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Rosa María Gallego Neira, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Martín Fernández Prado, D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D. Xiao Varela Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González e D.ª Mónica Martínez Lema** e, ao abeiro do establecido no artigo 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (engadido pola disposición final segunda do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao covid-19), coa asistencia á sesión plenaria por videoconferencia da edil **D.ª Diana María Sobral Cabanas,** reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA CUATRO DE JUNIO DE DOS MIL VEINTE***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 4 de junio de 2020. Bajo la presidencia de la* ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García****, y con la asistencia de los ediles* ***D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Rosa María Gallego Neira, D.ª Esperanza Peñalosa López- Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Martín Fernández Prado, D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D. Xiao Varela Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.ª Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González y D.ª Mónica Martínez Lema*** *y, al amparo del establecido en el artículo 46.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril , reguladora de las bases del régimen local (añadido por la disposición final segunda del Real decreto ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al covid-19), con la asistencia a la sesión plenaria por videoconferencia de la edil* ***D.ª Diana María Sobral Cabanas****, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Ás dez horas e oito minutos a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

**I. PARTE RESOLUTIVA**

**<u>Intervencións</u>**

**<u>Presidencia</u>**

Moi bo día a todos e a todas, benvidos e benvidas os membros da Corporación municipal, persoal municipal, funcionarios e funcionarias que nos acompañan, xornalistas acreditados, así como a todas aquelas persoas que nos seguen a través do sinal do *streaming*.

Damos comezo a esta sesión do Pleno ordinario do mes de xuño.

Asunto número un, señor secretario.

**<u>Señor Secretario Xeral do Pleno</u>**

Comunicacións da alcaldía.

**80. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.**

**<u>Presidencia</u>**

Ben, no Pleno do pasado 14 de setembro de 2015, como saben, aprobouse por unanimidade unha moción conxunta sobre a violencia de xénero e o interese común en avanzar na Coruña cara unha realidade sen violencias machistas. E dentro daqueles compromisos adquiridos estaba o de iniciar cada Pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio

*Da fe del acto el infraescrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, y se encuentra además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal**.*

*A las diez horas y ocho minutos la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los asuntos incluidos en la orden del día.*

***I. PARTE RESOLUTIVA***

***<u>Intervenciones</u>***

***<u>Presidencia</u>***

*Muy buen día a todos y a todas. Bienvenidos y bienvenidas los miembros de la Corporación municipal, personal municipal, funcionarios y funcionarias que nos acompañan, periodistas acreditados, así como a todas aquellas personas que nos siguen a través de la retransmisión en directo.*

*Damos comienzo a esta sesión del Pleno ordinario del mes de junio.*

*Asunto número uno, señor secretario.*

***<u>Señor Secretario General del Pleno</u>***

*Comunicaciones de la alcaldía.*

***80. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.***

***<u>Presidencia</u>***

*Bien, en el Pleno del pasado 14 de septiembre de 2015, como saben, se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género y el interés común en avanzar en A Coruña cara a una realidad sin violencias machistas. Y dentro de aquellos compromisos adquiridos estaba el de iniciar cada Pleno ordinario guardando*

como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno.

*tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno.*

Segundo as cifras oficiais, comunícase que deberán gardarse dous minutos de silencio polas vítimas que a continuación se relacionan.

*Según las cifras oficiales, se comunica que deberán guardarse dos minutos de silencio por las víctimas que a continuación se relacionan.*

Infórmase así mesmo que no total do ano 2020 ata a data deste Pleno de 4 de xuño, as cifras oficiais de asasinatos é de 22.

*Se informa asimismo que en el total del año 2020 hasta la fecha de este Pleno de 4 de junio, las cifras oficiales de asesinatos es de 22.*

Desde o Pleno de maio ata o Pleno de xuño foron asasinadas dúas mulleres: o 27 de maio de 2020, Annick, de apelidos descoñecidos, de 65 anos, en L´Escala, Girona; e o 30 de maio de 2020, unha muller de identidade descoñecida de 51 anos en Esplugues de Llobregat, Badalona. Así que solicito ós membros da Corporación que se poñan en pe para gardar dous minutos de silencio.

*Desde el Pleno de mayo hasta el Pleno de junio fueron asesinadas dos mujeres: el 27 de mayo de 2020, Annick, de apellidos desconocidos, de 65 años, en L´Escala, Girona; y el 30 de mayo de 2020, una mujer de identidad desconocida de 51 años en Esplugues de Llobregat, Badalona. Así que solicito a los miembros de la Corporación que se pongan en pie para guardar dos minutos de silencio.*

**(A continuación gárdanse 2 minutos de silencio).**

***(A continuación se guardan 2 minutos de silencio).***

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas.

Pasamos xa ó asunto número dous.

Señor secretario.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias.*

*Pasamos ya al asunto número dos.*

*Señor secretario.*

**<u>Señora García Gómez</u>**

Si, perdón, non sei se podía solicitar unha cuestión de orde antes de empezar o Pleno.

Bueno, dende a Marea Atlántica queriamos deixar constancia de que non nos parece de recibo o trato recibido ás portas do Concello por parte de persoas que están agardando por unha cita con Servicios Sociais.

***<u>Señora García Gómez</u>***

*Sí, perdón, no sé si podía solicitar una cuestión de orden antes de empezar el Pleno.*

*Bueno, desde la Marea Atlántica queríamos dejar constancia de que no nos parece de recibo el trato recibido a las puertas del Ayuntamiento por parte de personas que están esperando por una cita con Servicios Sociales.*

**Presidencia**

Señora García, non é unha cuestión de...

Señora García, pode vostede falar para plantexar unha...

**(Falan ao mesmo tempo a señora Presidenta e a señora García Gómez).**

**Señora García Gómez**

Simplemente deixar de manifesto que cremos que esa xente que está pasando unha situación vital complicada e que necesitarían atención...

**Presidencia**

Señora García, agarde un momento, agarde un momento.

Señora García, señora García, non ten a palabra, señora García, non ten a palabra.

Señora García non ten a palabra.

Miren, o Regulamento é claro respecto das cuestións de orde. O que vostede acaba de facer non é unha cuestión de orde, é unha cuestión de carácter político. É unha intervención de carácter político que non ten nada que ver coa orde do día do Pleno para o cal pode vostede intervir para facer unha cuestión de orde. Iso que acaba de facer non é unha cuestión de orde.

Asunto número dous.

Señor secretario.

**URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

**Urbanismo**

***Presidencia***

*Señora García, no es una cuestión de...*

*Señora García, puede usted hablar para plantear una...*

***(Hablan al mismo tiempo la señora Presidenta y la señora García Gómez).***

***Señora García Gómez***

*Simplemente poner de manifiesto que creemos que esa gente que está pasando una situación vital complicada y que necesitarían atención...*

***Presidencia***

*Señora García, espere un momento, espere un momento.*

*Señora García, señora García, no tiene la palabra, señora García, no tiene la palabra.*

*Señora García no tiene la palabra.*

*Miren, el Reglamento es claro respecto de las cuestiones de orden. Lo que usted acaba de hacer no es una cuestión de orden, es una cuestión de carácter político. Es una intervención de carácter político que no tiene nada que ver con el orden del día del Pleno para el cual puede usted intervenir para hacer una cuestión de orden. Eso que acaba de hacer no es una cuestión de orden.*

*Asunto número dos.*

*Señor secretario.*

***URBANISMO, VIVIENDA, INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD***

***Urbanismo***

**81. Aprobación definitiva do documento "Estudo de Detalle de ordenación de volumes na Fundación Adcor. Maio 2020".**

***81. Aprobación definitiva del documento "Estudio de Detalle de ordenación de volúmenes en la Fundación Adcor. Mayo 2020".***

**Señor Secretario Xeral do Pleno**

***Señor Secretario General del Pleno***

Aprobación definitiva do documento "Estudo de Detalle de ordenación de volumes na Fundación Adcor. Maio 2020", maioría simple.

*Aprobación definitiva del documento "Estudio de Detalle de ordenación de volúmenes en la Fundación Adcor. Mayo 2020", mayoría simple.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, para este asunto ten a palabra o señor Díaz Villoslada por parte do Goberno municipal para a exposición inicial, e tal e como se acordou na Comisión de Voceiros e Voceiras haberá unha única quenda de 3 minutos por grupo.

*Bien, para este asunto tiene la palabra el señor Díaz Villoslada por parte del Gobierno municipal para la exposición inicial, y tal y como se acordó en la Comisión de Portavoces habrá un único turno de 3 minutos por grupo.*

Adiante, señor Díaz Villoslada.

*Adelante, señor Díaz Villoslada.*

**Señor Díaz Villoslada**

***Señor Díaz Villoslada***

Si, grazas, señora alcaldesa.

*Sí, gracias, señora alcaldesa.*

Bo día a todos os compoñentes do Pleno e ós medios, e ó persoal que nos acompaña, para expoñer en primeiro lugar un dos tres asuntos que en materia de urbanismo traemos a esta parte resolutoria do Pleno que celebramos o día de hoxe.

*Buenos días a todos los componentes del Pleno y a los medios, y al personal que nos acompaña, para exponer en primer lugar uno de los tres asuntos que en materia de urbanismo traemos a esta parte resolutoria del Pleno que celebramos el día de hoy.*

Este primeiro asunto trátase da aprobación definitiva do Estudo de Detalle para a ordenación de volumes solicitado pola Fundación Adcor para a súa sede no polígono dos Rosales.

*Este primer asunto se trata de la aprobación definitiva del Estudio de Detalle para la ordenación de volúmenes solicitado por la Fundación Adcor para su sede en el polígono de los Rosales.*

Como sabemos, en febreiro de 2008 a Alcaldía desta cidade formalizara a concesión demanial gratuíta en favor da Fundación Adcor, que fora outorgada pola Xunta de Goberno Local en marzo de 2007. E o Estudo de Detalle respecto desta parcela na estrada dos Fortes,

*Como sabemos, en febrero de 2008 la Alcaldía de esta ciudad formalizó la concesión demanial gratuita en favor de la Fundación Adcor, que había sido otorgada por la Junta de Gobierno Local en marzo de 2007. Y el Estudio de Detalle respecto de esta parcela en la carretera*

número 14, ten como finalidade ampliar unha serie de volumes para a residencia que, como todos sabemos, tamén trata de mellorar no día a día as posibilidades sociais, sociolaborais, das persoas con discapacidade intelectual e apoiar ás súas familias.

Esta solicitude por parte da Fundación Adcor entrara no Concello no mes de decembro de 2018, durante o mandato municipal anterior, e fora tomada en consideración e tomado o acordo de aprobación inicial por parte da Xunta de Goberno Local o pasado 6 de novembro de 2019, conforme ó procedemento previsto para a aprobación dos estudos de detalle no artigo 82 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Someteuse preceptivamente ó trámite de información pública. Non se recibiu ningunha alegación ao respecto. Si que se recibiron, obviamente, os correspondentes informes de carácter sectorial, tanto por parte da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior como por parte da Xefatura Territorial da Xunta de Galicia en Economía, Emprego e Industria, ou por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que emitira o seu informe en febreiro deste ano.

O 21 de maio —evidentemente pasadas unhas semanas durante todo este proceso de crise sanitaria, que obrigou a unha certa minoración dalgún ritmo de traballo en estes temas de instrumentos de planeamento— o Servizo de Planeamento e Xestión do Solo emite o correspondente informe técnico xurídico de carácter favorable.

Como sabemos, a parcela está clasificada no vixente Plan Xeral de 2013 como solo urbano consolidado coa cualificación urbanística de equipamento público local.

*de los Fuertes, número 14, tiene como finalidad ampliar una serie de volúmenes para la residencia que, como todos sabemos, también trata de mejorar en el día a día las posibilidades sociales, sociolaborales, de las personas con discapacidad intelectual y apoyar a sus familias.*

*Esta solicitud por parte de la Fundación Adcor entró en el Ayuntamiento en el mes de diciembre de 2018, durante el mandato municipal anterior, y había sido tomada en consideración y tomado el acuerdo de aprobación inicial por parte de la Junta de Gobierno Local el pasado 6 de noviembre de 2019, conforme al procedimiento previsto para la aprobación de los estudios de detalle en el artículo 82 de la Ley 2/2016, del Suelo de Galicia.*

*Se sometió preceptivamente al trámite de información pública. No se recibió ninguna alegación al respecto. Sí que se recibieron, obviamente, los correspondientes informes de carácter sectorial, tanto por parte de la Dirección General de Emergencias e Interior como por parte de la Jefatura Territorial de la Xunta de Galicia en Economía, Empleo e Industria, o por parte de la Dirección General de Patrimonio Cultural, que emitió su informe en febrero de este año.*

*El 21 de mayo —evidentemente pasadas unas semanas durante todo este proceso de crisis sanitaria, que obligó a una cierta minoración de algún ritmo de trabajo en estos temas de instrumentos de planeamiento— el Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo emite el correspondiente informe técnico jurídico de carácter favorable.*

*Como sabemos, la parcela está clasificada en el vigente Plan General de 2013 como suelo urbano consolidado con la calificación urbanística de*

Está ordenado mediante a Norma Zonal 8 de equipamentos. Quero lembrar tamén que, por certo no Pleno do pasado 5 de decembro de 2019 tamén se acordara en esta sesión plenaria o cambio de uso desta parcela para axustalo ó seu uso actual, porque estaba clasificado como administrativo e se pasara a súa cualificación como sanitario e de benestar social e asistencial. E en este estudio de detalle a Fundación Adcor precisa e proxecta dous novos corpos de edificación, por iso neste estudo de detalle ordénase a correspondente volumetría.

*equipamiento público local. Está ordenado mediante la Norma Zonal 8 de equipamientos. Quiero recordar también que, por cierto en el Pleno del pasado 5 de diciembre de 2019 también se había acordado en esta sesión plenaria el cambio de uso de esta parcela para ajustarlo a su uso actual, porque estaba clasificado como administrativo y se había pasado a su calificación como sanitario y de bienestar social y asistencial. Y en este estudio de detalle la Fundación Adcor necesita y proyecta dos nuevos cuerpos de edificación, por eso en este estudio de detalle se ordena la correspondiente volumetría.*

Os datos concretos desta nova volumetría das altura máximas posibles que se podan precisar pola Fundación Adcor están contidas no expediente, na correspondente memoria que se presentara pola Fundación Adcor con este estudo de detalle, e en este sentido precisando a maioría simple este acordo desta Corporación, deste Pleno, para a aprobación definitiva deste estudo de detalle. Por iso o sometemos, para poder facilitarlle á Fundación Adcor precisamente que poda levar adiante os seus obxectivos sociais e sociosanitarios da mellor maneira posible.

*Los datos concretos de esta nueva volumetría de las altura máximas posibles que se puedan necesitar por la Fundación Adcor están contenidas en el expediente, en la correspondiente memoria que se presentó por la Fundación Adcor con este estudio de detalle, y en este sentido necesitando la mayoría simple este acuerdo de esta Corporación, de este Pleno, para la aprobación definitiva de este estudio de detalle. Por eso lo sometemos, para poder facilitarle a la Fundación Adcor precisamente que pueda llevar adelante sus objetivos sociales y sociosanitarios de la mejor manera posible.*

Mais nada, grazas.

*Nada más, gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Comezamos a quenda de intervencións.

*Comenzamos el turno de intervenciones.*

Polo Grupo Mixto, señora Martínez.

*Por el Grupo Mixto, señora Martínez.*

**Señora Martínez Lema**

***Señora Martínez Lema***

Moitas grazas, señora alcaldesa.

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

Unha das conclusións que se sacan destes

*Una de las conclusiones que se sacan de*

tempos que estamos vivindo é a necesidade imperiosa de cambiar o modelo das residencias e centros de avós. Esta pandemia que deixa datos como que o 30 % dos falecementos na área sanitaria da Coruña eran usuarios de centros residenciais de maiores, marca sen dúbida un antes e un despois para a atención dos avós, polo que a ampliación que o centro Adcor plantexaba faise agora máis necesaria, se cabe.

*estos tiempos que estamos viviendo es la necesidad imperiosa de cambiar el modelo de las residencias y centros de abuelos. Esta pandemia que deja datos como que el 30 % de los fallecimientos en el área sanitaria de A Coruña eran usuarios de centros residenciales de mayores, marca sin duda un antes y un después para la atención de los abuelos, por lo que la ampliación que el centro Adcor planteaba se hace ahora más necesaria, si cabe.*

Primeiro aprobamos o cambio de uso da parcela municipal onde está o equipamento de Adcor, cambio necesario para axeitalo ao uso real que ten na actualidade e que así se poida facer esa ampliación que o centro necesita. Agora apoiamos tamén a aprobación do Estudo de Detalle de ordenación de volumes para que este centro residencial para maiores en situación de dependencia construída hai oito anos faga esa necesaria ampliación. Xa cando foi construída falábase de que o espazo sería limitado porque a demanda era entón xa alta e na cidade non existía ningún centro con estas características. Oito anos despois a demanda segue medrando e como estamos a comprobar o espazo é máis necesario ca nunca, así que imos a votar a favor.

*Primero aprobamos el cambio de uso de la parcela municipal donde está el equipamiento de Adcor, cambio necesario para acomodarlo al uso real que tiene en la actualidad y que así se pueda hacer esa ampliación que el centro necesita. Ahora apoyamos también la aprobación del Estudio de Detalle de ordenación de volúmenes para que este centro residencial para mayores en situación de dependencia construida hace ocho años haga esa necesaria ampliación. Ya cuando fue construida se hablaba de que el espacio sería limitado porque la demanda era entonces ya alta y en la ciudad no existía ningún centro con estas características. Ocho años después la demanda sigue creciendo y como estamos comprobando el espacio es más necesario que nunca, así que vamos a votar a favor.*

Nada máis, moitas grazas.

*Nada más, muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Martínez.

*Muchas gracias, señora Martínez.*

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

*Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Si, bo día a todos os membros da Corporación municipal, ó persoal municipal que nos acompaña, ós medios

*Sí, buenos días a todos los miembros de la Corporación municipal, al personal municipal que nos acompaña, a los*

de comunicación e por suposto tamén á xente que nos segue por *streaming* ou á que vaia entrar ou poida entrar no Salón de Plenos.

*medios de comunicación y por supuesto también a la gente que nos sigue en directo o a la que vaya a entrar o pueda entrar en el Salón de Plenos.*

En primeiro lugar, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos sinalar que imos votar a favor deste punto da orde do día, deste estudo de detalle de volumes na Fundación Adcor, nas instalacións da Fundación Adcor, que permitirán, efectivamente, o aumento dos servizos desta entidade que realiza un labor fundamental de integración de cara ás persoas con discapacidade intelectual.

*En primer lugar, desde el Bloque Nacionalista Galego queremos señalar que vamos a votar a favor de este punto del orden del día, de este estudio de detalle de volúmenes en la Fundación Adcor, en las instalaciones de la Fundación Adcor, que permitirán, efectivamente, el aumento de los servicios de esta entidad que realiza una labor fundamental de integración de cara a las personas con discapacidad intelectual.*

Como eu creo que a cuestión do estudo de detalle non ten..., ten unha importancia evidentemente vital para a Fundación, pero creo que politicamente é máis importante destacar hoxe unha cuestión que está acontecendo na nosa sociedade que pode ser invisíbel para moitas persoas e que ten que ver tamén coa atención á discapacidade e coa atención ás diversidades funcionais: é a decisión unilateral e sen diálogo da Xunta de Galiza de retrasar a apertura dos centros de día e ocupacionais ata o 1 de setembro de 2020, que está a provocar graves repercusións non só nas persoas que exercen os coidados —nunha maior parte mulleres— creando unha sobrecarga brutal, senón tamén provoca o illamento social das persoas que teñen diversidade funcional, que teñen discapacidades.

*Como yo creo que la cuestión del estudio de detalle no tiene…, tiene una importancia evidentemente vital para la Fundación, pero creo que políticamente es más importante destacar hoy una cuestión que está sucediendo en nuestra sociedad que puede ser invisible para muchas personas y que tiene que ver también con la atención a la discapacidad y con la atención a las diversidades funcionales: es la decisión unilateral y sin diálogo de la Xunta de Galicia de retrasar la apertura de los centros de día y ocupacionales hasta el 1 de septiembre de 2020, que está provocando graves repercusiones no solo en las personas que ejercen los cuidados —en una mayor parte mujeres— creando una sobrecarga brutal, sino que también provoca el aislamiento social de las personas que tienen diversidad funcional, que tienen discapacidades.*

ASPACE, que é unha asociación —como ben saben— que coida principalmente das persoas con parálise cerebral, fixo pública a súa queixa por esta decisión da Xunta de Galiza. Interrómpense unha serie de servizos que son vitais para evitar o deterioro psíquico, físico ou cognitivo e garantir a calidade de vida destas persoas, e tamén os seus dereitos a

*ASPACE, que es una asociación —como bien saben— que cuida principalmente de las personas con parálisis cerebral, hizo pública su queja por esta decisión de la Xunta de Galicia. Se interrumpen una serie de servicios que son vitales para evitar el deterioro psíquico, físico o cognitivo y garantizar la calidad de vida de estas personas, y también sus derechos*

reincorporarse á súa vida habitual, como estamos facendo o resto das persoas. É incrible como nos podemos reincorporar á nosa vida social, a saír, a ir a locais de hostalaría, a ir de compras ou incluso a asistir a espectáculos culturais e resulta que estas persoas teñen que estar illadas do que é o seu contexto habitual durante practicamente 6 meses, que irán desde marzo ate setembro, cando ademais se traballaba con proxectos de reincorporación nestes centros, e finalmente a Xunta de Galiza decidiu unilateralmente, sen diálogo, que non se abrisen ate o 1 de setembro.

*a reincorporarse a su vida habitual, como estamos haciendo el resto de las personas. Es increíble cómo nos podemos reincorporar a nuestra vida social, a salir, a ir a locales de hostelería, a ir de compras o incluso a asistir a espectáculos culturales y resulta que estas personas tienen que estar aisladas de lo que es su contexto habitual durante prácticamente 6 meses, que irán desde marzo hasta septiembre, cuando además se trabajaba con proyectos de reincorporación en estos centros, y finalmente la Xunta de Galicia decidió unilateralmente, sin diálogo, que no se abrieran hasta el 1 de septiembre.*

Eu quería trasladar simplemente esta cuestión, esta queixa, aquí publicamente. Que conste en acta e que conste tamén diante dos medios de comunicación que realmente está a ser un problema para as familias, tamén para as persoas con diversidade funcional e discapacidades.

*Yo quería trasladar simplemente esta cuestión, esta queja, aquí públicamente. Que conste en acta y que conste también delante de los medios de comunicación que realmente está siendo un problema para las familias, también para las personas con diversidad funcional y discapacidades.*

Nada máis.

*Nada más.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Veira.

*Muchas gracias, señora Veira.*

Pola Marea Atlántica, señor Varela.

*Por la Marea Atlántica, señor Varela.*

**Señor Varela Gómez**

***Señora Varela Gómez***

Grazas, señora Rey.

*Gracias, señora Rey.*

Quería comezar o meu turno de palabra facendo unha reflexión porque xa sufrín actitudes despóticas, señora Rey, no Consello de Administración da Autoridade Portuaria no pasado mandato, e non vou a sufrilas de novo neste Pleno municipal.

*Quería comenzar mi turno de palabra haciendo una reflexión porque ya sufrí actitudes despóticas, señora Rey, en el Consejo de Administración de la Autoridad Portuaria en el pasado mandato, y no voy a sufrirlas de nuevo en este Pleno municipal.*

Nós, señora Rey, imos defender sempre que se escoite a voz da cidadanía da Coruña, para iso estamos aquí. E a xente

*Nosotros, señora Rey, vamos a defender siempre que se escuche la voz de la ciudadanía de A Coruña, para eso*

que estaba na porta hoxe nos traslada que non foi suficientemente e convenientemente escoitada, que os seus problemas —que traían para trasladarlles— non foron suficientemente escoitados. E eu quero dicilo neste Pleno, me parece de recibo. Eu creo que é moi importante, señora Rey, que recorde, que non esqueza nunca, que está aí entre outras razóns polos nosos votos, polos votos que a Marea Atlántica lle deu para que ostentara a Presidencia deste Pleno, e a Marea Atlántica vai a esixir sempre que a cidadanía da Coruña sexa escoitada, porque eu creo que non é moi boa idea que actúe en minoría absoluta.

*estamos aquí. Y la gente que estaba en la puerta hoy nos traslada que no fue suficientemente y convenientemente escuchada, que sus problemas —que traían para trasladarles— no fueron suficientemente escuchados. Y yo quiero decirlo en este Pleno, me parece de recibo. Yo creo que es muy importante, señora Rey, que recuerde, que no olvide nunca, que está ahí entre otras razones por nuestros votos, por los votos que la Marea Atlántica le dio para que ostentara la Presidencia de este Pleno, y la Marea Atlántica va a exigir siempre que la ciudadanía de A Coruña sea escuchada, porque yo creo que no es muy buena idea que actúe en minoría absoluta.*

Nós, a verdade é que coa deriva do Goberno non estamos nada satisfeitos. Cremos que non deben de olvidar que a nosa posición e o que defende a Marea Atlántica debe de ser escoitado tamén neste Pleno. Quizais non formemos parte do Goberno, pero puxémola aí, nese sitio onde está y creo que merecemos o mesmo respecto que o resto dos concelleiros deste Pleno.

*Nosotros, la verdad es que con la deriva del Gobierno no estamos nada satisfechos. Creemos que no deben de olvidar que nuestra posición y lo que defiende la Marea Atlántica debe de ser escuchado también en este Pleno. Quizás no formemos parte del Gobierno, pero la pusimos ahí, en ese sitio donde está y creo que merecemos el mismo respeto que el resto de los concejales de este Pleno.*

**Ás dez horas e vinte e seis minutos sae do Salón de Sesións a señora Neira Fernández.**

***A las diez horas y veintiséis minutos sale del Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.***

Unha vez feita esta reflexión, con respecto ó punto que nos ocupa, é certo que a Fundación Adcor no noso mandato solicitou un permiso para instalación, para construír unha, para unha construción auxiliar na parcela municipal que ocupa nos Rosais, e dende o Departamento de Licencias lle respostamos que para esas instalacións sería necesario un estudio de detalle que agora, efectivamente, se trae a aprobación deste Pleno.

*Una vez hecha esta reflexión, con respecto al punto que nos ocupa, es cierto que la Fundación Adcor en nuestro mandato solicitó un permiso para instalación, para construir una, para una construcción auxiliar en la parcela municipal que ocupa en los Rosales, y desde el Departamento de Licencias le respondimos que para esas instalaciones sería necesario un estudio de detalle que ahora, efectivamente, se trae a aprobación de este Pleno.*

O Estudo de Detalle, como xa comentou

*El Estudio de Detalle, como ya comentó*

o concelleiro de Urbanismo, ten por obxecto a construción desa construción auxiliar, pero vimos con sorpresa que ademais implica un aumento de edificabilidade moi significativo, de 2800 $m^2$ a 4200 $m^2$, propoñendo incluso unha ampliación dunha nova planta do edificio, para nós sen a xustificación suficiente. Hai unha mera mención no Estudo de Detalle a ese aumento de superficie e edificabilidade, pero entendemos que non está suficientemente xustificado. Especialmente entendendo que debería de estar aínda se cabe máis xustificado tendo en conta que a parcela é de cesión municipal e que esa cesión é gratuíta e sen contrapartida.

*el concejal de Urbanismo, tiene por objeto la construcción de esa construcción auxiliar, pero vemos con sorpresa que además implica un aumento de edificabilidad muy significativo, de 2800 $m^2$ a 4200 $m^2$, proponiendo incluso una ampliación de una nueva planta del edificio, para nosotros sin la justificación suficiente. Hay una mera mención en el Estudio de Detalle a ese aumento de superficie y edificabilidad, pero entendemos que no está suficientemente justificado. Especialmente entendiendo que debería de estar aún si cabe más justificado toda vez que la parcela es de cesión municipal y que esa cesión es gratuita y sin contrapartida.*

É por esas razóns —e para non bloquear en calquera caso a tramitación dun estudo de detalle para un equipamento asistencial— que nos absteremos neste punto.

*Es por esas razones —y para no bloquear en cualquier caso la tramitación de un estudio de detalle para un equipamiento asistencial— que nos abstendremos en este punto.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Varela.

*Muchas gracias, señor Varela.*

Polo Grupo Popular, señor Deus.

*Por el Grupo Popular, señor Deus.*

**Señor Deus Álvarez**

***Señor Deus Álvarez***

Ola, bos días a todos os concelleiros e concelleiras, a todos os funcionarios e a toda a xente que nos segue por *streaming*.

*Hola, buenos días a todos los concejales y concejalas, a todos los funcionarios y a toda la gente que nos sigue en directo.*

Este asunto que se trae hoxe ao Pleno do Concello consiste na aprobación definitiva dun estudo de detalle para a ordenación de volumes da Fundación Adcor no polígono dos Rosales. Con anterioridade a esta data —no Pleno do mes de decembro— tramitouse o cambio de uso da parcela onde a Fundación ten o seu centro, de equipamento administrativo público a asistencial sanitario. Por suposto, a parcela é de titularidade pública e séguese garantindo

*Este asunto que se trae hoy al Pleno del Ayuntamiento consiste en la aprobación definitiva de un estudio de detalle para la ordenación de volúmenes de la Fundación Adcor en el polígono de los Rosales. Con anterioridad a esta fecha —en el Pleno del mes de diciembre— se tramitó el cambio de uso de la parcela donde la Fundación tiene su centro, de equipamiento administrativo público a asistencial sanitario. Por supuesto, la parcela es de titularidad pública y se*

e mantendo.

*sigue garantizando y manteniendo.*

Para a tramitación do Estudo de Detalle seguíronse os trámites que fixa o artigo 80 da Lei do Solo de Galicia, e agora atopámonos no último trámite coa aprobación definitiva polo órgano competente, que é este Pleno.

*Para la tramitación del Estudio de Detalle se siguieron los trámites que fija el artículo 80 de la Ley del Suelo de Galicia, y ahora nos encontramos en el último trámite con la aprobación definitiva por el órgano competente, que es este Pleno.*

Disponse no expediente tamén dos informes tanto da Dirección Xeral de Enerxía e de Minas e da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, que considera a actuación compatible co plan de emerxencia exterior da refinería. Informa favorablemente tamén a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tanto a construción do cenador do xardín, como outras edificacións auxiliares e as posibles ampliacións da edificación principal existente, xa que non existe afección sobre ningún ben pertencente ao patrimonio cultural de Galicia.

*Se dispone en el expediente también de los informes tanto de la Dirección General de Energía y de Minas y de la Dirección General de Emergencias e Interior, que considera la actuación compatible con el plan de emergencia exterior de la refinería. Informa favorablemente también la Dirección General de Patrimonio Cultural, tanto la construcción del cenador del jardín, como otras edificaciones auxiliares y las posibles ampliaciones de la edificación principal existente, ya que no existe afección sobre ningún bien perteneciente al patrimonio cultural de Galicia.*

A Fundación Adcor é unha organización sen ánimo de lucro, dedicada a mellorar a vida das persoas adultas en situación de dependencia. E a tramitación deste estudo de detalle pretende mellorar as instalacións que xa dispón para mellorar tamén o servicio ás persoas que atenden, cada vez con máis demanda.

*La Fundación Adcor es una organización sin ánimo de lucro, dedicada a mejorar la vida de las personas adultas en situación de dependencia. Y la tramitación de este estudio de detalle pretende mejorar las instalaciones de que ya dispone para mejorar también el servicio a las personas que atienden, cada vez con más demanda.*

**Ás dez horas e vinte e nove minutos entra no Salón de Sesións a señora Neira Fernández.**

***A las diez horas y veintinueve minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.***

Por unha banda, exponse a construción dun cenador de xardín que permita aos usuarios un mellor goce de espazo exterior da parcela, protexéndoos das inclemencias do sol e da choiva. Ademais, tamén se contempla a ordenación dos volumes de futuras edificacións auxiliares e de posibles ampliacións en altura da edificación

*Por una parte, se expone la construcción de un cenador de jardín que permita a los usuarios un mejor disfrute de espacio exterior de la parcela, protegiéndolos de las inclemencias del sol y de la lluvia. Además, también se contempla la ordenación de los volúmenes de futuras edificaciones auxiliares y de posibles ampliaciones en altura de la edificación*

principal.

Para as edificacións auxiliares contémplanse dúas áreas: unha ao sur, de 346 m e outra máis ao norte, encostada á edificación principal, de 108 $m^2$ de superficie máxima a construír. Da edificación principal contémplase a elevación dunha planta en cada un dos volumes, deixando previsto esa futura ampliación para facer fronte a futuras demandas e futuras necesidades. Coa tramitación deste estudo de detalle asígnaselle á parcela unha edificabilidade de 4.258 $m^2$, antes case 2.900 $m^2$. E o mesmo ocorre coa ocupación, que pasa dun 32 % a un 48 %.

Xustifícase a integración da ordenación proposta á contorna, cumprindo as determinacións de integración ao ambiente que esixe a Lei do Solo de Galicia e xustifícase tamén o cumprimento da dotación de prazas de aparcamento dentro da parcela.

Non quixera deixar pasar a intervención que fixo a compañeira, a señora Veira, facendo —como sempre que o Pisuerga pasa por Valladolid— mención á Xunta de Galicia en torno aos centros de día. A Xunta de Galicia o que quere garantir é a seguridade de utilización de todos eses usuarios, visto o que ocorreu en moitos deses centros e en moitas desas residencias, toda vez que ademais o seu partido, señora Veira, non quería celebrar as eleccións o 12 de xullo porque dicía que era perigoso, pero sen embargo estamos vendo que si quere abrir os centros de día sen que exista ningún protocolo **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, ni ningunha medida que haxa proposto o Goberno central que é a autoridade, vamos, a autoridade única en este momento en esta materia. Entón, eu creo que facer esa mención, eu creo que é

*principal.*

*Para las edificaciones auxiliares se contemplan dos áreas: una al sur, de 346 m y otra más al norte, adosada a la edificación principal, de 108 $m^2$ de superficie máxima a construir. De la edificación principal se contempla la elevación de una planta en cada uno de los volúmenes, dejando prevista esa futura ampliación para hacer frente a futuras demandas y futuras necesidades. Con la tramitación de este estudio de detalle se le asigna a la parcela una edificabilidad de 4.258 $m^2$, antes casi 2.900 $m^2$. Y lo mismo ocurre con la ocupación, que pasa de un 32 % a un 48 %.*

*Se justifica la integración de la ordenación propuesta al entorno, cumpliendo las determinaciones de integración al ambiente que exige la Ley del Suelo de Galicia y se justifica también el cumplimiento de la dotación de plazas de aparcamiento dentro de la parcela.*

*No quisiera dejar pasar la intervención que hizo la compañera, la señora Veira, haciendo —como siempre que el Pisuerga pasa por Valladolid— mención a la Xunta de Galicia en torno a los centros de día. La Xunta de Galicia lo que quiere garantizar es la seguridad de utilización de todos esos usuarios, visto lo que ocurrió en muchos de esos centros y en muchas de esas residencias, toda vez que además su partido, señora Veira, no quería celebrar las elecciones el 12 de julio porque decía que era peligroso, pero sin embargo estamos viendo que sí quiere abrir los centros de día sin que exista ningún protocolo* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****, ni ninguna medida que haya propuesto el Gobierno central que es la autoridad, vamos, la autoridad única en este momento en esta materia. Entonces, yo creo que hacer esa*

un pouco arriscado.

*mención, yo creo que es un poco arriesgado.*

Anunciamos neste tema do Estudo de Detalle o voto a favor do noso Grupo Municipal.

*Anunciamos en este tema del Estudio de Detalle el voto a favor de nuestro Grupo Municipal.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Deus.

*Muchas gracias, señor Deus.*

Pecha o debate o señor Díaz Villoslada.

*Cierra el debate el señor Díaz Villoslada.*

**Señor Díaz Villoslada**

***Señor Díaz Villoslada***

Si, grazas.

*Sí, gracias.*

Quero agradecer os apoios de case todos os Grupos municipais —a excepción da Marea que opta por absterse— neste expediente urbanístico no que se trata en definitiva de facilitar as mellores instalacións da Fundación Adcor. E en ese sentido non quero deixar pasar a oportunidade de recoñecer dunha forma sincera —creo que por parte de todos— de que o traballo do tecido sociosanitario da Coruña, o traballo de todas as institucións que traballan neste sector, conforma un elemento clave para a estruturación, a vertebración social e cívica da nosa cidade. E polo tanto, e por elo ademais, á Fundación Adcor así lle corresponde.

*Quiero agradecer los apoyos de casi todos los Grupos municipales —a excepción de la Marea que opta por abstenerse— en este expediente urbanístico en el que se trata en definitiva de facilitar las mejores instalaciones de la Fundación Adcor. Y en ese sentido no quiero dejar pasar la oportunidad de reconocer de una forma sincera —creo que por parte de todos— de que el trabajo del tejido sociosanitario de A Coruña, el trabajo de todas las instituciones que trabajan en este sector, conforma un elemento clave para la estructuración, la vertebración social y cívica de nuestra ciudad. Y por lo tanto, y por ello además, a la Fundación Adcor así le corresponde.*

En todo caso, é un expediente urbanístico que ten..., tense tramitado este estudo de detalle con todas as prescricións legais. Eu señor Varela, esa sorpresa, sorpréndeme a min na medida en que estaban formulados todos os aspectos dos estudos de detalle no primeiro momento en que lles presentaron a proposta dese estudo de detalle —na memoria, na páxina 7, que tivemos o outro día ocasión de analizar na Comisión Informativa de Urbanismo— e sobre a que ademais os técnicos de Planeamento lle deron a

*En todo caso, es un expediente urbanístico que tiene…, se ha tramitado este estudio de detalle con todas las prescripciones legales. Yo señor Varela, esa sorpresa, me sorprende a mí en la medida en que estaban formulados todos los aspectos de los estudios de detalle en el primer momento en que les presentaron la propuesta de ese estudio de detalle —en la memoria, en la página 7, que tuvimos el otro día ocasión de analizar en la Comisión Informativa de Urbanismo— y sobre la que además los*

correspondente explicación. E en ese sentido, agradecer a posibilidade dese apoio practicamente unánime desta Corporación.

*técnicos de Planeamiento le dieron la correspondiente explicación. Y en ese sentido, agradecer la posibilidad de ese apoyo prácticamente unánime de esta Corporación.*

E si que me gustaría facer dúas referencias: unha en relación ás cuestións que mencionaba a señora Veira, porque máis alá de cuestións coxunturais e dramáticas propias desta crise sanitaria da covid-19, si que é certo que o sistema público de atención a maiores en Galicia —tanto en materia de centros de maiores como o que son centros de día— é unha das eivas principais das políticas autonómicas e un dos retos principais que Galicia ten por diante, aparte doutros sistemas de atención primaria, tanto en materia de sanidade como en materia educativa por facer unha, aproveitar para facer unha reflexión un pouco máis ampla.

*Y sí que me gustaría hacer dos referencias: una en relación a las cuestiones que mencionaba la señora Veira, porque más allá de cuestiones coyunturales y dramáticas propias de esta crisis sanitaria de la covid-19, sí que es cierto que el sistema público de atención a mayores en Galicia —tanto en materia de centros de mayores como lo que son centros de día— es uno de los defectos principales de las políticas autonómicas y uno de los retos principales que Galicia tiene por delante, aparte de otros sistemas de atención primaria, tanto en materia de sanidad como en materia educativa por hacer una, aprovechar para hacer una reflexión un poco más amplia.*

E señor Varela, e por rematar, se optan por "*aislarse"* ou illarse neste Pleno municipal de determinadas tomas de decisión que contribúen ó funcionamento neste caso do tecido sociosanitario da cidade, é unha decisión evidentemente a respectar, pero é unha decisión específica do seu Grupo municipal que vaime permitir que lle comente que a veces me da a sensación de que están nunha absoluta distopía. Non podo ter outra visión da posición que acaban de sinalar e o que é absolutamente inaceptable e incompresible, creo que por parte de case todos ou de o resto dos Grupos municipais aquí presentes, é que se lle comente á Alcaldía-Presidencia deste Pleno que o seu Grupo municipal non está recibindo o mesmo trato que o resto dos Grupos municipais. Non confundan, señor Varela, a xente do común co común da xente.

*Y señor Varela, y por finalizar, si optan por* aislarse *o "illarse*" *en este Pleno municipal de determinadas tomas de decisión que contribuyen al funcionamiento en este caso del tejido sociosanitario de la ciudad, es una decisión evidentemente a respetar, pero es una decisión específica de su Grupo municipal que me va a permitir que le comente que a veces me da la sensación de que están en una absoluta distopía. No puedo tener otra visión de la posición que acaban de señalar y lo que es absolutamente inaceptable e incompresible, creo que por parte de casi todos o del resto de los Grupos municipales aquí presentes, es que se le comente a la Alcaldía-Presidencia de este Pleno que su Grupo municipal no está recibiendo el mismo trato que el resto de los Grupos municipales. No confundan, señor Varela, la gente común con el común de la gente.*

Máis nada e grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Procedemos á votación.

Señora Sobral, pode vostede exercer o voto a man alzada.

Para a aprobación deste punto requírese maioría simple do Pleno.

**Votación do asunto número dous**

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación o asunto número dous referenciado na orde do día, votando ao mesmo tempo as señoras concelleiras e os señores concelleiros presentes no Salón de Plenos e a señora concelleira que asiste telematicamente a este Pleno, producíndose o seguinte resultado

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

**Acordo**

**Primeiro.** Aprobar definitivamente o documento do “ESTUDIO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLÚMENES EN LA FUNDACIÓN ADCOR MAYO 2020", asinado polo

*Nada más y gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.*

*Procedemos a la votación.*

*Señora Sobral, puede usted ejercer el voto a mano alzada.*

*Para la aprobación de este punto se requiere mayoría simple del Pleno.*

***Votación del asunto número dos***

*Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación el asunto número dos referenciado en el orden del día, votando al mismo tiempo las señoras concejales y los señores concejales presentes en el Salón de Plenos y la señora concejala que asiste telemáticamente a este Pleno, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 abstenciones).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

*Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).*

***Acuerdo***

***Primero.*** *Aprobar definitivamente el documento del “ESTUDIO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLÚMENES EN LA FUNDACIÓN ADCOR. MAYO 2020”, firmado por e1 Arquitecto D. José*

Arquitecto D. José Antonio Martínez Lema e promovido pola Fundación ADCOR.

*Antonio Martínez Lema y promovido por la Fundación ADCOR.*

**Segundo.** Ordenar a publicación e a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

***Segundo.*** *Ordenar la publicación y la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta, para procurar la eficacia del acto de aprobación definitiva y la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.*

**Terceiro.** Notificar este acordo ao promotor e ás áreas municipais interesadas na tramitación do expediente.

***Tercero.*** *Notificar este acuerdo al promotor y a las áreas municipales interesadas en la tramitación del expediente.*

xeito. Na miña intervención podería dicir so unha palabra, un topónimo, e quedaría clara a nosa opinión, a opinión do BNG sobre a mobilidade peonil. Podería dicir Pontevedra, mais tamén Allariz, Carballo ou outros tanto topónimos que reflicten un modelo claro, un modelo claro para o espazo público. E temos clara a transformación que iso supón: maior espazo público para os peóns cunha racionalización do uso do vehículo privado supón unha maior saúde física para as persoas, porque convida a camiñar e porque con menos coches e menos contaminación implica tamén aire limpo e saúde.

*modo. En mi intervención podría decir solo una palabra, un topónimo, y quedaría clara nuestra opinión, la opinión del BNG sobre la movilidad peatonal. Podría decir Pontevedra, pero también Allariz, Carballo u otros tantos topónimos que reflejan un modelo claro, un modelo claro para el espacio público. Y tenemos clara la transformación que eso supone: mayor espacio público para los peatones con una racionalización del uso del vehículo privado supone una mayor salud física para las personas, porque invita a caminar y porque con menos coches y menos contaminación implica también aire limpio y salud.*

Unha maior saúde mental tamén, pola diminución dos ruídos, pola eliminación do estrés da condución, pola liberación da constante sensación de alerta pola inseguridade ó desprazármonos nun espazo público inzado polos vehículos privados, e tamén unha maior autonomía das nenas e dos nenos, maior calidade do aire, combatendo así tamén a contaminación e loitando contra o cambio climático. Creo que —a pesar dos negacionismos— é unha evidencia e a natureza estanos dicindo que hai que mudar de rumbo.

*Una mayor salud mental también, por la disminución de los ruidos, por la eliminación del estrés de la conducción, por la liberación de la constante sensación de alerta por la inseguridad al desplazarnos en un espacio público invadido por los vehículos privados, y también una mayor autonomía de las niñas y de los niños, mayor calidad del aire, combatiendo así también la contaminación y luchando contra el cambio climático. Creo que —a pesar de los negacionismos— es una evidencia y la naturaleza nos está diciendo que hay que cambiar de rumbo.*

Tamén supón unha maior inclusión social. So a recuperación do espazo público de calidade para o peón consegue que todas esteamos no espazo público en pé de igualdade. Se conseguimos un espazo público onde todas as persoas o poidamos empregar en igualdade de condicións, independentemente da nosa capacidade económica, se podemos mercar ou non un coche, da nosa condición física, de se temos ou non coche, bicicleta ou patinete, de se imos a dúas pernas ou se percorremos a cidade en cadeira de rodas. Neste punto comeza o dereito á cidade.

*También supone una mayor inclusión social. Solo la recuperación del espacio público de calidad para el peatón consigue que todas estemos en el espacio público en pie de igualdad. Si conseguimos un espacio público donde todas las personas lo podamos emplear en igualdad de condiciones, independientemente de nuestra capacidad económica, si podemos comprar o no un coche, de nuestra condición física, de si tenemos o no coche, bicicleta o patinete, de si vamos a dos piernas o si recorremos la ciudad en silla de ruedas. En este punto comienza el derecho a la ciudad.*

E tamén é bo para o comercio local, para a economía local. Maior espazo para as persoas é tamén mellor para dinamizar a actividade económica porque convidamos a pasear, convidamos a quedarnos nos barrios, a entrar nas tendas —xa se sabe que son as persoas as que entran nas tendas e non os coches—.

*Y también es bueno para el comercio local, para la economía local. Mayor espacio para las personas es también mejor para dinamizar la actividad económica porque invitamos a pasear, invitamos a quedarnos en los barrios, a entrar en las tiendas —ya se sabe que son las personas las que entran en las tiendas y no los coches—.*

Coa adhesión a esta Rede, o Concello da Coruña poderá intercambiar experiencias co resto dos concellos, tomar nota do que se fixo ben e do que se fixo mal e aplicalas coas particularidades da nosa propia cidade que, efectivamente, ten un tamaño ideal para poñer en marcha medidas de peonalización. Para isto é fundamental o diálogo coa nosa sociedade, mais tamén é precisa a firmeza e a convicción de que o camiño —nunca mellor dito— é o aumento do espazo público para as persoas, para os peóns e a racionalización do uso do vehículo privado.

*Con la adhesión a esta Red, el Ayuntamiento de A Coruña podrá intercambiar experiencias con el resto de los ayuntamientos, tomar nota de lo que se hizo bien y de lo que se hizo mal y aplicarlas con las particularidades de nuestra propia ciudad que, efectivamente, tiene un tamaño ideal para poner en marcha medidas de peatonalización. Para esto es fundamental el diálogo con nuestra sociedad, pero también es precisa la firmeza y la convicción de que el camino —nunca mejor dicho— es el aumento del espacio público para las personas, para los peatones y la racionalización del uso del vehículo privado.*

Apoiamos esta adhesión tamén coa confianza de que A Coruña, de que as coruñesas e os coruñeses podemos tamén ser un referente de transformación urbana e de democratización do espazo público.

*Apoyamos esta adhesión también con la confianza de que A Coruña, de que las coruñesas y los coruñeses podemos también ser un referente de transformación urbana y de democratización del espacio público.*

Nada máis.

*Nada más.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Veira.

*Muchas gracias, señora Veira.*

Pola Marea Atlántica, señor Varela, adiante.

*Por la Marea Atlántica, señor Varela, adelante.*

**Señor Varela Gómez**

***Señor Varela Gómez***

Grazas.

*Gracias.*

Bueno, cremos que poñer ás persoas que

*Bueno, creemos que poner a las personas*

camiñan no centro das políticas de mobilidade é clave para conseguir unha cidade máis amable, máis segura, pero sobre todo máis xusta. Con esa convicción actuamos no pasado mandato e por iso votaremos a favor desta proposta, como xa dixemos na Comisión.

*que caminan en el centro de las políticas de movilidad es clave para conseguir una ciudad más amable, más segura, pero sobre todo más justa. Con esa convicción actuamos en el pasado mandato y por eso votaremos a favor de esta propuesta, como ya dijimos en la Comisión.*

Eu creo, modestamente, que no pasado mandato puxemos os alicerces de moitas das cuestións que agora se están levando a cabo e que van nesta liña da mobilidade sostible e de poñer ás persoas no centro das políticas de mobilidade. Porque, por exemplo, peonalizamos zonas da cidade como a Cidade Vella que era unha demanda histórica desta cidade. Esta é a Cidade Vella, nós tiñamos a Cidade Vella das cidades de Galicia, a única que non estaba peonalizada. Potenciamos a bici duplicando, e o seu uso, duplicando os carrís bicis, pacificamos o tráfico, por exemplo na rotonda de Salgado Torres, demolemos o viaduto da rolda de Nelle, reducimos o billete de bus e fixemos centos de intervencións de mellora que agora vemos que afortunadamente continúan.

*Yo creo, modestamente ,que en el pasado mandato pusimos los pilares de muchas de las cuestiones que ahora se están llevando a cabo y que van en esta línea de la movilidad sostenible y de poner a las personas en el centro de las políticas de movilidad. Porque, por ejemplo, peatonalizamos zonas de la ciudad como la Ciudad Vieja que era una demanda histórica de esta ciudad. Esta es la Ciudad Vieja, nosotros teníamos la Ciudad Vieja de las ciudades de Galicia, la única que no estaba peatonalizada. Potenciamos la bici duplicando, y su uso, duplicando los carriles bicis, pacificamos el tráfico, por ejemplo en la rotonda de Salado Torres, demolimos el viaducto de ronda de Nelle, redujimos el billete de bus e hicimos cientos de intervenciones de mejora que ahora vemos que afortunadamente continúan.*

**Ás once horas e cincuenta e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora Cameán Calvete.**

***A las once horas y cincuenta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete.***

É chamativo neste senso, quería facer referencia, e sintomático, que para o anuncio no Twitter da alcaldesa, para o anuncio desta adhesión, aparece o proxecto de Puga e Parga que ven de rematarse fai unhas semanas e que é un proxecto que arrancamos no pasado mandato. Eu creo que isto é positivo e a verdade é que o celebramos.

*Es llamativo en este sentido, quería hacer referencia, y sintomático, que para el anuncio en el Twitter de la alcaldesa, para el anuncio de esta adhesión, aparece el proyecto de Puga y Parga que acaba de finalizarse hace unas semanas y que es un proyecto que arrancamos en el pasado mandato. Yo creo que esto es positivo y la verdad es que lo celebramos.*

Ó mesmo tempo tamén quero aproveitar esta intervención para reivindicar máis, para reivindicar máis e para dicir que, por exemplo, nos parece contraditorio que no Plan, ou no modificativo que aprobamos

*Al mismo tiempo también quiero aprovechar esta intervención para reivindicar más, para reivindicar más y para decir que, por ejemplo, nos parece contradictorio que en el Plan, o en el*

este luns, se eliminen proxectos dos orzamentos participativos que ían nesta liña, que van nesta liña da humanización e da mellora do espazo público para primar ás persoas que camiñan. Por exemplo, a humanización do entorno da praza de Lugo por 200.000 €, o acondicionamento dos pasos de peóns con pintura anti-esvaradía por 250.000 €, ou case catro, non, case non, catro proxectos de mellora e ampliación do carril bus por máis de 250.000 e. E sei que respostarán que da baixa execución dos outros anos, pero é que agora lles toca gobernar a vostedes, señores e señoras do Partido Socialista. Xa levan 1 ano, un 25 % da lexislatura e ademais teñen a sorte e a oportunidade de que o están facendo sen atrancos, sen os atrancos que tivemos nós no pasado mandato no que os seus colegas do Partido Socialista bloqueaban o noso día a día. Eu creo que coa nosa oposición construtiva non teñen escusas posibles.

Tamén quero reivindicar outra actuación que empezou estes días que nos trasladan os veciños que non están satisfeitos con ela: é o asfaltado da vía que conecta Palavea co hospital Santa Teresa, que no noso mandato prevíamos que se fixera unha beirarrúa porque é unha vía de conexión, **(murmurios)** bueno o señor Lage, no, no...

**Presidencia**

Silencio, por favor, señor Lage. Por favor, silencio.

Continúe, señor Varela.

**Señor Varela Gómez**

O señor Lage sorrí...

*modificativo que aprobamos este lunes, se eliminen proyectos de los presupuestos participativos que iban en esta línea, que van en esta línea de la humanización y de la mejora del espacio público para primar a las personas que caminan. Por ejemplo, la humanización del entorno de la plaza de Lugo por 200.000 €, el acondicionamiento de los pasos de cebra con pintura anti-resbaladiza por 250.000 €, o casi cuatro, no, casi no, cuatro proyectos de mejora y ampliación del carril bus por más de 250.000 €. Y sé que responderán que de la baja ejecución de los otros años, pero es que ahora les toca gobernar a ustedes, señores y señoras del Partido Socialista. Ya llevan 1 año, un 25 % de la legislatura y además tienen la suerte y la oportunidad de que lo están haciendo sin obstáculos, sin los obstáculos que tuvimos nosotros en el pasado mandato en el que sus colegas del Partido Socialista bloqueaban nuestro día a día. Yo creo que con nuestra oposición constructiva no tienen excusas posibles.*

*También quiero reivindicar otra actuación que empezó estos días que nos trasladan los vecinos que no están satisfechos con ella: es el asfaltado de la vía que conecta Palavea con el hospital Santa Teresa, que en nuestro mandato preveíamos que se hiciera una acera porque es una vía de conexión,* ***(murmullos)*** *bueno el señor Lage, no, no...*

***Presidencia***

*Silencio, por favor, señor Lage. Por favor, silencio.*

*Continúe, señor Varela.*

***Señor Varela Gómez***

*El señor Lage sonríe...*

**Presidencia**

Está fora de tempo xa, señor Varela, vaia rematando.

Señor Lage, silencio.

**Señor Varela Gómez**

Si, pois o que quería dicir e reivindicar, eu creo que todavía están a tempo, é que introduzan a beirarrúa que nós tiñamos previsto, e no marxe dereito, porque eu creo que é un vial de conexión necesario peonil entre Palavea e eses hospitais.

E xa para rematar, ese contraste, evidenciar ese contraste entre a oposición e a soidade que atopamos no Pleno no noso pasado mandato coa posición en contra do Partido Popular á peonalización da Cidade Vella, por exemplo; coa posición en contra do Bloque Nacionalista Galego á peonalización da rúa Marola e sen contar **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** do Partido Socialista naquela declaración pola mobilidade sostible que intentamos asinar no pasado mandato.

Xa remato, eu creo que agora mesmo teñen outra oposición distinta e a verdade é que lles instamos a que a aproveiten.

Grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Varela.

Polo Grupo Popular, señor Deus, adiante.

**Señor Deus Álvarez**

***Presidencia***

*Está fuera de tiempo ya, señor Varela, vaya finalizando.*

*Señor Lage, silencio.*

***Señor Varela Gómez***

*Sí, pues lo que quería decir y reivindicar, yo creo que todavía están a tiempo, es que introduzcan la acera que nosotros habíamos previsto, y en el margen derecho, porque yo creo que es un vial de conexión necesario peatonal entre Palavea y esos hospitales.*

*Y ya para finalizar, ese contraste, evidenciar ese contraste entre la oposición y la soledad que encontramos en el Pleno en nuestro pasado mandato con la posición en contra del Partido Popular a la peatonalización de la Ciudad Vieja, por ejemplo; con la posición en contra del Bloque Nacionalista Galego a la peatonalización de la calle Marola y sin contar* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *del Partido Socialista en aquella declaración por la movilidad sostenible que intentamos firmar en el pasado mandato.*

*Ya finalizo, yo creo que ahora mismo tienen otra oposición distinta y la verdad es que les instamos a que la aprovechen.*

*Gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Varela.*

*Por el Grupo Popular, señor Deus, adelante.*

***Señor Deus Álvarez***

Grazas.

O asunto que se trae a este Pleno é a adhesión á Asociación das Cidades que Camiñan, unha asociación sen ánimo de lucro e cuxa finalidade e obxecto é o fomento da mobilidade peonil, fomentando os valores dun desenvolvemento sostible, a accesibilidade universal, a seguridade viaria, a formación e a educación e a colaboración con entidades públicas e privadas.

Nos últimos tempos o debate sobre as peonalizacións e polo impulso da mobilidade peonil foi moi intenso, converténdose nunha prioridade na planificación urbana e na xestión da mobilidade das nosas cidades. Déronse pasos moi importantes na recuperación dos centros históricos, como xa pasou aquí tamén na nosa cidade, pero sobre todo é necesario pensar na calidade de vida urbana, xa que camiñar non contamina e reduce as emisións acústicas. As vías peonís non deben reducirse aos centros das cidades, senón que deben estenderse tamén aos barrios. É fundamental favorecer os desprazamentos a pé en combinación co transporte público.

O PMUS da Coruña, o Plan de Mobilidade Urbana Sostible, senta as bases para lograr unha mobilidade sostible na cidade. A Coruña é unha cidade cun movemento peonil considerable. Temos unha cidade que se pode gozar andando. Esta mobilidade debe respectarse e promoverse potenciando a mobilidade non motorizada. Unha adecuada regulación das rúas e os espazos peonís redunda na calidade dos espazos urbanos, evitando conflitos con aqueles elementos que limiten a mobilidade peonil. Inclúense no PMUS unha serie de medidas para o

*Gracias.*

*El asunto que se trae a este Pleno es la adhesión a la Asociación de las Ciudades que Caminan, una asociación sin ánimo de lucro y cuya finalidad y objeto es el fomento de la movilidad peatonal, fomentando los valores de un desarrollo sostenible, la accesibilidad universal, la seguridad viaria, la formación y la educación y la colaboración con entidades públicas y privadas.*

*En los últimos tiempos el debate sobre las peatonalizaciones y por el impulso de la movilidad peatonal fue muy intenso, convirtiéndose en una prioridad en la planificación urbana y en la gestión de la movilidad de nuestras ciudades. Se dieron pasos muy importantes en la recuperación de los cascos históricos, como ya pasó aquí también en nuestra ciudad, pero sobre todo es necesario pensar en la calidad de vida urbana, ya que caminar no contamina y reduce las emisiones acústicas. Las vías peatonales no deben reducirse a los centros de las ciudades, sino que deben extenderse también a los barrios. Es fundamental favorecer los desplazamientos a pie en combinación con el transporte público.*

*El PMUS de A Coruña, el Plan de Movilidad Urbana Sostenible, sienta las bases para lograr una movilidad sostenible en la ciudad. A Coruña es una ciudad con un movimiento peatonal considerable. Tenemos una ciudad que se puede disfrutar andando. Esta movilidad debe respetarse y promoverse potenciando la movilidad no motorizada. Una adecuada regulación de las calles y los espacios peatonales redunda en la calidad de los espacios urbanos, evitando conflictos con aquellos elementos que limiten la movilidad peatonal. Se incluyen en el PMUS una serie de medidas para el*

fomento da mobilidade peonil. Entre elas: rede de itinerarios peonís aumentando o atractivo das rúas e espazos peonís da Coruña, sinalizacións dos itinerarios peonís que fagan seguro e agradable o desprazamento pola cidade, o Plan de Accesibilidade Municipal, supresión de barreiras, regulación das rúas e espazos peonís, fomento e formación do camiño escolar, xestión de accesos e zona de tráfico restrinxido. O diagnóstico témolo á nosa disposición no PMUS. E as medidas que hai que ir adoptando, tamén. Algunhas xa se foron implantando, aínda que hai que recoñecer que dunha maneira un pouco anárquica. E o resto depende da vontade e do consenso coas entidades sociais, os veciños e cos comerciantes.

*fomento de la movilidad peatonal. Entre ellas: red de itinerarios peatonales aumentando el atractivo de las calles y espacios peatonales de A Coruña, señalizaciones de los itinerarios peatonales que hagan seguro y agradable el desplazamiento por la ciudad, el Plan de Accesibilidad Municipal, supresión de barreras, regulación de las calles y espacios peatonales, fomento y formación del camino escolar, gestión de accesos y zona de tráfico restringido. El diagnóstico lo tenemos a nuestra disposición en el PMUS. Y las medidas que hay que ir adoptando, también. Algunas ya se fueron implantando, aunque hay que reconocer que de una manera un poco anárquica. Y el resto depende de la voluntad y del consenso con las entidades sociales, los vecinos y con los comerciantes.*

Para a maior parte da xente, camiñar é o medio de transporte máis accesible e é unha forma sinxela, económica e eficaz de practicar exercicio biosaudable. Tamén é a maneira de fomentar o establecemento de relacións con outras persoas.

*Para la mayor parte de la gente, caminar es el medio de transporte más accesible y es una forma sencilla, económica y eficaz de practicar ejercicio biosaludable. También es la manera de fomentar el establecimiento de relaciones con otras personas.*

**Ás doce horas, e previo aviso, a señora Sobral Cabanas reincorpórase á sesión, á que asiste telematicamente.**

***A las doce horas, y previo aviso, la señora Sobral Cabanas se reincorpora a la sesión, a la que asiste telemáticamente.***

Quixera facer mención á Carta Internacional do Camiñar de 2006 e ás palabras do seu fundador co que me gustaría rematar a miña intervención: camiñar é a primeira cousa que un neno quere facer e a última que unha persoa maior desexa renunciar. Camiñar é o exercicio que non necesita ter ximnasio. Camiñar é conveniente, consome poucos recursos naturais e é altamente eficiente. Camiñar é tan natural como respirar. E aquí quero facer fincapé tamén en que camiñar máis e mellor non é nin de esquerdas nin de dereitas, é un dereito

*Quisiera hacer mención a la Carta Internacional del Caminar de 2006 y a las palabras de su fundador con el que me gustaría finalizar mi intervención: caminar es la primera cosa que un niño quiere hacer y la última que una persona mayor desea renunciar. Caminar es el ejercicio que no necesita tener gimnasio. Caminar es conveniente, consume pocos recursos naturales y es altamente eficiente. Caminar es tan natural como respirar. Y aquí quiero hacer hincapié también en que caminar más y mejor no es ni de izquierdas ni de derechas, es un*

das persoas, é un deber dos representantes públicos o garantilo.

Anunciamos o noso voto a favor do noso Grupo Municipal.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Deus.

Señor Díaz Villoslada, última intervención.

**Señor Díaz Villoslada**

Eu creo que debemos felicitarnos de que os acordos unánimes que deron lugar a que prosperara aquela Declaración Institucional do 3 de outubro por unha mobilidade sostible na nosa cidade, se manteñan á hora de analizar unha cuestión que en principio é menor, como é adherirse a unha asociación de redes — digo menor na medida en que non deixa de ser un expediente de adhesión onde a cota de participación que so é de 1.800 €, polo tramo de poboación non formula problemas económico-financeiros— pero o que é importante é que isto nos da pé a poder renovar os compromisos non só do Goberno municipal, senón do Pleno municipal da cidade da Coruña por unha mobilidade máis sostible.

É certo que Pontevedra é unha referencia. Pontevedra acaba, ademais, de recibir algunha consideración nova por parte das institucións europeas e é certo que Pontevedra ten outra escala, é dicir é unha cuestión de escala, a escala da Coruña respecto á de Pontevedra é distinta. Temos que formular políticas que poden coincidir pero hai outras políticas, sobre todo nos aspectos tamén máis metropolitanos que son distintos. Pero hai unhas referencias aquí mesmo que temos que aproveitar e temos unha fluída relación de colaboración e de

*derecho de las personas, es un deber de los representantes públicos garantizarlo.*

*Anunciamos nuestro voto a favor de nuestro Grupo Municipal.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Deus.*

*Señor Díaz Villoslada, última intervención.*

***Señor Díaz Villoslada***

*Yo creo que debemos felicitarnos de que los acuerdos unánimes que dieron lugar a que prosperara aquella Declaración Institucional del 3 de octubre por una movilidad sostenible en nuestra ciudad, se mantengan a la hora de analizar una cuestión que en principio es menor, como es adherirse a una asociación de redes — digo menor en la medida en que no deja de ser un expediente de adhesión donde la cuota de participación que solo es de 1.800 €, por el tramo de población no formula problemas económico-financieros— pero lo que es importante es que esto nos da pie a poder renovar los compromisos no solo del Gobierno municipal, sino del Pleno municipal de la ciudad de A Coruña por una movilidad más sostenible.*

*Es cierto que Pontevedra es una referencia. Pontevedra acaba, además, de recibir alguna consideración nueva por parte de las instituciones europeas y es cierto que Pontevedra tiene otra escala, es decir es una cuestión de escala, la escala de A Coruña respecto a la de Pontevedra es distinta. Tenemos que formular políticas que pueden coincidir pero hay otras políticas, sobre todo en los aspectos también más metropolitanos que son distintos. Pero hay unas referencias aquí mismo que tenemos que aprovechar y tenemos una fluida relación de*

intercambio de información.

*colaboración y de intercambio de información.*

Si que é certo —como dicía a señora Veira— que a transformación urbana, a democratización do espazo público, é dicir está todo, todas esas cuestións están no..., en este debate sobre un novo sistema de mobilidade, que ademais antes se encontraba coa reacción de determinadas formas de pensar a convivencia veciñal, ou determinadas formas de pensar como podía prosperar o pequeno comercio que van mudando en ese sentido. Hoxe existe unha demanda da propia cidade en este sentido.

*Sí que es cierto —como decía la señora Veira— que la transformación urbana, la democratización del espacio público, es decir está todo, todas esas cuestiones están en el…, en este debate sobre un nuevo sistema de movilidad, que además antes se encontraba con la reacción de determinadas formas de pensar la convivencia vecinal, o determinadas formas de pensar cómo podía prosperar el pequeño comercio que van cambiando en ese sentido. Hoy existe una demanda de la propia ciudad en este sentido.*

Todos os gobernos deron pasos, todos os gobernos demos pasos. Foron, aparte da adhesión a aquela Carta de Aalborg que marcou iso si en materia medioambiental unha aposta e un liderado importante por parte de esta cidade, pero logo as diferentes medidas, algunhas contraditorias con outras non foron adiante co impulso necesario para agora estar traballando como poda estar traballando, aparte de Pontevedra, Vitoria, Zaragoza, Barcelona, Pamplona, Valencia, etc. Quero dicir, A Coruña ten tradición e ten un compoñente cidadán, unha conformación e que nos ten que permitir ter unha cidade máis saudable e tamén máis cívica. Eu en este sentido creo, e quero recoñecer os primeiros traballos da Mesa pola Mobilidade Sostible que naceu daquela declaración como órgano de participación e órgano onde tamén interveñen expertos e técnicos, que deu lugar a que se declare por fin A Coruña como “Cidade 30”, coas primeiras medidas que temos en marcha.

*Todos los gobiernos dieron pasos, todos los gobiernos dimos pasos. Fueron, aparte de la adhesión a aquella Carta de Aalborg que marcó eso sí en materia medioambiental una apuesta y un liderazgo importante por parte de esta ciudad, pero luego las diferentes medidas, algunas contradictorias con otras no fueron adelante con el impulso necesario para ahora estar trabajando como pueda estar trabajando, aparte de Pontevedra, Vitoria, Zaragoza, Barcelona, Pamplona, Valencia, etc. Quiero decir, A Coruña tiene tradición y tiene un componente ciudadano, una conformación y que nos tiene que permitir tener una ciudad más saludable y también más cívica. Yo en este sentido creo, y quiero reconocer los primeros trabajos de la Mesa por la Movilidad Sostenible que nació de aquella declaración como órgano de participación y órgano donde también intervienen expertos y técnicos, que dio lugar a que se declare por fin A Coruña como “Ciudad 30”, con las primeras medidas que tenemos en marcha.*

Esta semana tamén vimos de aprobar a regulación dos vehículos de mobilidade persoal e estamos a anunciar a necesidade de que nun próximo plenario

*Esta semana también acabamos de aprobar la regulación de los vehículos de movilidad personal y estamos anunciando la necesidad de que en un próximo*

da Mesa —que temos previsto realizar antes de que finalice este semestre— abordemos un absolutamente necesario primeiro borrador para unha nova ordenanza xeral da mobilidade urbana-sostible na Coruña. A idea sería poder ter un borrador **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, e remato, señora alcaldesa, un borrador este ano porque hai que refundir e tratar moitos aspectos que hai que substituír de políticas anteriores, e en ese sentido tratar de levar esta ordenanza a debate no primeiro semestre do ano que ven porque ten un recorrido importante.

*plenario de la Mesa —que tenemos previsto realizar antes de que finalice este semestre— abordemos un absolutamente necesario primer borrador para una nueva ordenanza general de la movilidad urbana-sostenible en A Coruña. La idea sería poder tener un borrador* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****, y finalizo, señora alcaldesa, un borrador este año porque hay que refundir y tratar muchos aspectos que hay que sustituir de políticas anteriores, y en ese sentido tratar de llevar esta ordenanza a debate en el primer semestre del año que viene porque tiene un recurrido importante.*

Pero bueno, retos como ampliar Bicicoruña, ronda peonil, pero non quero deixar —e remato con isto, señora alcaldesa— sen dicirlle tamén ó señor Deus que goberne quen goberne na Xunta de Galicia, un dos grandes retos que ten a Xunta de Galicia coas cidades e coa Coruña en particular, é o transporte metropolitano. Sen unha autoridade única do transporte metropolitano e no noso ámbito, non conseguiremos solucionar todos os problemas de mobilidade. O Concello, so con políticas **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**, remato, solucionar estas cuestións.

*Pero bueno, retos como ampliar Bicicoruña, ronda peatonal, pero no quiero dejar —y finalizo con esto, señora alcaldesa— sin decirle también al señor Deus que gobierne quien gobierne en la Xunta de Galicia, uno de los grandes retos que tiene la Xunta de Galicia con las ciudades y con A Coruña en particular, es el transporte metropolitano. Sin una autoridad única del transporte metropolitano y en nuestro ámbito, no conseguiremos solucionar todos los problemas de movilidad. El Ayuntamiento, solo con políticas* ***(se oyen dos señales acústicas indicativos de la finalización del tiempo de intervención)****, finalizo, solucionar estas cuestiones.*

Gracias.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas, señor Díaz Villoslada.

*Gracias, señor Díaz Villoslada.*

Procedemos á votación. Para a aprobación deste punto se require maioría absoluta legal do Pleno da Corporación.

*Procedemos a la votación. Para la aprobación de este punto se requiere mayoría absoluta legal del Pleno de la Corporación.*

**Votación do asunto número cinco**

***Votación del asunto número cinco***

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación o asunto número cinco referenciado na orde do día, votando ao mesmo tempo as señoras concelleiras e os señores concelleiros presentes no Salón de Plenos e a señora concelleira que asiste telematicamente a este Pleno, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación el asunto número cinco referenciado en el orden del día, votando al mismo tiempo las señoras concejales y los señores concejales presentes en el Salón de Plenos y la señora concejala que asiste telemáticamente a este Pleno, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

*Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).*

**Acordo**

***Acuerdo***

**Primeiro.** Autorizar a adhesión do Concello da Coruña á “Red de Ciudades que Caminan”, con NIF G90061771, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 605087, e domicilio social na rúa Michelena, nº30, 36002-Pontevedra, e presentar a solicitude de adhesión para o ano 2020 en calidade de socio colaborador cos dereitos e deberes contidos nos artigos 32 e 33 dos seus Estatutos.

***Primero.*** *Autorizar la adhesión del Ayuntamiento de A Coruña a la " Red de Ciudades que Caminan", con NIF G90061771, inscrita en el Registro Nacional de Asociaciones con el nº 605087, y domicilio social en la calle Michelena, nº 30, 36002-Pontevedra, y presentar la solicitud de adhesión para el año 2020 en calidad de socio colaborador con los derechos y deberes contenidos en los artículos 32 y 33 de sus Estatutos.*

**Segundo.** Condicionar a pertenza do concello á dita asociación ao seu carácter público, sen que poidan ter a condición de socio/a as persoas físicas, para o que este Concello, logo da súa adhesión, promoverá a modificación dos Estatutos para eliminar esta posibilidade.

***Segundo.*** *Condicionar la pertenencia del Ayuntamiento a dicha asociación a su carácter público, sin que puedan tener la condición de socio/a las personas físicas, para lo cual este ayuntamiento, luego de su adhesión, promoverá la modificación de los Estatutos para eliminar esta posibilidad.*

**Terceiro.** Autorizar e comprometer o gasto que comporta a solicitude de adhesión á dita asociación para o ano 2020 por importe de 1.800 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.922.48918 do Orzamento municipal do 2020 en vigor.

***Tercero.*** *Autorizar y comprometer el gasto que comporta la solicitud de adhesión a dicha asociación para el año 2020 por importe de 1.800 € con cargo a la aplicación presupuestaria 10.922.48918 del Presupuesto municipal del 2020 en vigor.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

Ben, moitas grazas, queda aprobado por unanimidade.

Facemos unha interrupción de 15 minutos para desinfectar e ventilar. Retomamos ás doce e vinte en punto.

***Presidencia***

*Bien, muchas gracias, queda aprobado por unanimidad.*

*Hacemos una interrupción de 15 minutos para desinfectar y ventilar. Retomamos a las doce y veinte en punto.*

**Ás doce horas e seis minutos, a Presidencia resolve facer un receso na sesión.**

***A las doce horas y seis minutos, la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión.***

**Ás doce horas e vinte e seis minutos retómase a sesión coa asistencia das mesmas persoas relacionadas nesta acta ao inicio da sesión.**

***A las doce horas y veintiséis minutos se reanuda la sesión con la asistencia de las mismas personas relacionadas en esta acta al inicio de la sesión.***

**Presidencia**

Continuamos co Pleno.

Asunto número seis. Señor secretario.

***Presidencia***

*Continuamos con el Pleno.*

*Asunto número seis. Señor Secretario.*

**MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE**

**Medio Ambiente**

**85. Protocolo de adhesión ó Pacto de Alcaldías polo clima e a enerxía.**

***MEDIO AMBIENTE Y SOSTENIBILIDAD***

***Medio Ambiente***

***85. Protocolo de adhesión al Pacto de Alcaldías por el clima y la energía.***

**Señor Secretario Xeral do Pleno**

Protocolo de adhesión ó Pacto de Alcaldías polo clima e a enerxía.

O acordo require maioría simple.

***Señor Secretario General del Pleno***

*Protocolo de adhesión al Pacto de Alcaldías por el clima y la energía.*

*El acuerdo requiere mayoría simple.*

**Presidencia**

Ben, terá a palabra a señora Fontán Prado para a exposición inicial por parte do Goberno e despois haberá unha única quenda de cinco minutos para os Grupos.

**Señora Fontán Prado**

Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos e a todas.

Non temos un planeta B. Esta é unha frase moi repetida por movementos ecoloxistas de todo o mundo para chamar a atención sobre da escalada no deterioro do noso planeta. 8 millóns de toneladas de plástico van aos mares e océanos cada ano, o que é o mesmo, 200 quilos por segundo, que acaban entrando na nosa cadea alimenticia. Se este dato se mantén, no 2050 haberá máis plásticos que peixes no mar. Máis de 25.000 especies están en perigo de extinción: abellas, cabaliños de mar, panteras, osos polares, baleas, elefantes, koalas e miles e miles de especies de árbores, plantas e flores.

En maio do ano pasado, a nosa atmosfera rexistrou unha cantidade de 415 partes por millón de CO2, un fito histórico para o principal axente do cambio climático. De seguir así, nos próximos anos, a temperatura do noso planeta subirá ata 5 graos coas catastróficas consecuencias que elo conlevará.

E podería seguir dando datos que amosan como o ser humano trata con verdadeira irresponsabilidade, ata desprezo, o sitio no que vivimos, sen decatarse de que como dicían os poboadores orixinarios americanos —por certo, tamén bastante mermados como raza pola acción do home— a terra non é unha herdanza dos

***Presidencia***

*Bien, tendrá la palabra la señora Fontán Prado para la exposición inicial por parte del Gobierno y después habrá un único turno de cinco minutos para los Grupos.*

***Señora Fontán Prado***

*Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.*

*No tenemos un planeta B. Esta es una frase muy repetida por movimientos ecologistas de todo el mundo para llamar la atención sobre la escalada en el deterioro de nuestro planeta. 8 millones de toneladas de plástico van a los mares y océanos cada año, lo que es lo mismo, 200 kilos por segundo, que acaban entrando en nuestra cadena alimenticia. Si este dato se mantiene, en el 2050 habrá más plásticos que pescados en el mar. Más de 25.000 especies están en peligro de extinción: abejas, caballitos de mar, panteras, osos polares, ballenas, elefantes, koalas y miles y miles de especies de árboles, plantas y flores.*

*En mayo del año pasado, nuestra atmósfera registró una cantidad de 415 partes por millón de CO2, un hito histórico para el principal agente del cambio climático. De seguir así, en los próximos años, la temperatura de nuestro planeta subirá hasta 5 grados con las catastróficas consecuencias que ello conllevará.*

*Y podría seguir dando datos que muestran cómo el ser humano trata con verdadera irresponsabilidad, hasta desprecio, el sitio en el que vivimos, sin enterarse de que como decían los pobladores originarios americanos —por cierto, también bastante mermados como raza por la acción del hombre— la tierra*

nosos pais, senón un préstamos dos nosos fillos. E eu pregúntome: de verdade queremos entregarlle este planeta ós nosos fillos?

Incriblemente, tivo que aparecer un microscópico bicho nas nosas vidas para que co confinamento o planeta respirara. Si, respirara e nunca mellor dito. Os niveis de CO2 baixaron dun xeito moi importante, non hai máis que ver os paraugas que desapareceron de Madrid ou Barcelona. O número de incendios descendeu. A capa de ozono experimentou unha melloría e ata houbo especies que tiveron a oportunidade de reproducirse despois de moitos anos sen conseguilo. Eses somos nós, señoras e señores concelleiros, o verdadeiro problema deste planeta.

As Nacións Unidas marcaron unha data tope na que, de non cambiar estas actitudes, xa non poderíamos dar marcha atrás. Unha data onde os cambios nos modelos de produción e consumo xa teñen que estar introducidos nas nosas vidas ou o planeta non terá máis oportunidades, onde o ser humano xa non estará.

Europa, España, Galicia e por suposto A Coruña, non poden ser alleas a ese compromiso de reversión da situación existente para mellorar a calidade de vida do noso planeta. Precisamente, a nosa cidade leva anos comprometida nesa loita, dende o 2001 no que se firma a Carta de Aalborg, á que xa se fixo referencia aquí, pola sustentabilidade dos pobos e cidades, pasando pola Rede de Cidades polo Clima e a Enerxía, do que A Coruña foi membro fundador, a participación no proxecto europeo Practise Energy, ou no 2011 coa Estratexia Local contra o Cambio Climático, co inventario de gases invernadoiro, a firma de adhesión ao Pacto de Alcaldes e Alcaldesas no 2012,

*no es una herencia de nuestros padres, sino un préstamos de nuestros hijos. Y yo me pregunto: ¿de verdad queremos entregarle este planeta a nuestros hijos?*

*Increíblemente, tuvo que aparecer un microscópico bicho en nuestras vidas para que con el confinamiento el planeta respirase. Sí, respirase y nunca mejor dicho. Los niveles de CO2 bajaron de una manera muy importante, no hay más que ver los paraguas que desaparecieron de Madrid o Barcelona. El número de incendios descendió. La capa de ozono experimentó una mejoría y hasta hubo especies que tuvieron la oportunidad de reproducirse después de muchos años sin conseguirlo. Esos somos nosotros, señoras y señores concejales, el verdadero problema de este planeta.*

*Las Naciones Unidas marcaron una fecha tope en la que, de no cambiar estas actitudes, ya no podríamos dar marcha atrás. Una fecha donde los cambios en los modelos de producción y consumo ya tienen que estar introducidos en nuestras vidas o el planeta no tendrá más oportunidades, donde el ser humano ya no estará.*

*Europa, España, Galicia y por supuesto A Coruña, no pueden ser ajenas a ese compromiso de reversión de la situación existente para mejorar la calidad de vida de nuestro planeta. Precisamente, nuestra ciudad lleva años comprometida en esa lucha, desde el 2001 en el que se firma la Carta de Aalborg, a la que ya se hizo referencia aquí, por la sostenibilidad de los pueblos y ciudades, pasando por la Red de Ciudades por el Clima y la Energía, del que A Coruña fue miembro fundador, la participación en el proyecto europeo Practise Energy, o en el 2011 con la Estrategia Local contra el Cambio Climático, con el inventario de gases invernadero, la firma de adhesión al Pacto de Alcaldes y Alcaldesas en el*

e por fin no 2016 a creación da Oficina contra o cambio climático.

*2012, y por fin en el 2016 la creación de la Oficina contra el cambio climático.*

Mais esta relación de feitos na loita contra o cambio climático estaría incompleta se non faláramos do aproveitamento do biogás do vertedoiro de Bens, dos proxectos de enerxía solar e eficiencia enerxéticas nos edificios municipais, da planta de tratamento de residuos sólidos de Nostián, dos carrís bici, da Infraestrutura Verde, do coidado e mellora das nosas praias, da protección de espazos como os ENÍS da Torre e San Pedro, e tantas e tantas outras accións.

*Pero esta relación de hechos en la lucha contra el cambio climático estaría incompleta si no hablásemos del aprovechamiento del biogás del vertedero de Bens, de los proyectos de energía solar y eficiencia energéticas en los edificios municipales, de la planta de tratamiento de residuos sólidos de Nostián, de los carriles bici, de la Infraestructura Verde, del cuidado y mejora de nuestras playas, de la protección de espacios como los ENILES de la Torre y San Pedro, y tantas y tantas otras acciones.*

Mais todo iso non chega. Faise necesario na actual coxuntura de crise climática, afondar nos nosos compromisos, e nesa liña propoñemos impulsar a Estratexia Local contra o Cambio Climático tal como ven recollida nos orzamentos para este ano 2020, procedendo á súa actualización no marco do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, que nos leve á elaboración dun plan de acción que abordará asuntos tan centrais nesta problemática como a mobilidade, a economía circular, o residuo cero, a protección á biodiversidade, a enerxía, a Infraestrutura Verde e todos os programas que a nivel internacional conduzan a acadar os obxectivos da COP 25.

*Pero todo eso no llega. Se hace necesario en la actual coyuntura de crisis climática, ahondar nos nuestros compromisos, y en esa línea proponemos impulsar la Estrategia Local contra el Cambio Climático tal como viene recogida en los presupuestos para este año 2020, procediendo a su actualización en el marco del Pacto de las Alcaldías para el Clima y la Energía, que nos lleve a la elaboración de un plan de acción que abordará asuntos tan centrales en esta problemática como la movilidad, la economía circular, el residuo cero, la protección a la biodiversidad, la energía, la Infraestructura Verde y todos los programas que a nivel internacional conduzcan a conseguir los objetivos de la COP 25.*

E mentres non teñamos ese documento en marcha, este Goberno comprométese, entre outras medidas que presentará máis polo miúdo mañá a nosa alcaldesa, coincidindo co Día Internacional do Medio Ambiente, a constituír un operador enerxético municipal, a fomentar unha mobilidade alternativa, a avanzar no plan de Infraestrutura Verde, a continuar na estratexia de residuo cero, a impulsar a neutralidade na pegada de

*Y mientras no tengamos ese documento en marcha, este Gobierno se compromete, entre otras medidas que presentará más detalladamente mañana nuestra alcaldesa, coincidiendo con el Día Internacional del Medio Ambiente, a constituir un operador energético municipal, a fomentar una movilidad alternativa, a avanzar en el plan de Infraestructura Verde, a continuar en la estrategia de residuo cero, a impulsar la*

carbono na cidade, a impulsar a alimentación de proximidade, a avanzar na constitución dunha área metropolitana como modelo eficaz para compartir servizos, aforrar custos e recursos ou mesmo ordenar o territorio dun xeito máis eficiente e por suposto asinar o novo Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía.

*neutralidad en la huella de carbono en la ciudad, a impulsar la alimentación de cercanías, a avanzar en la constitución de un área metropolitana como modelo eficaz para compartir servicios, ahorrar costes y recursos o mismo ordenar el territorio de una manera más eficiente y por supuesto firmar el nuevo Pacto de las Alcaldías por el Clima y la Energía.*

Señora alcaldesa e señoras e señores concelleiros, xa non podemos mirar para outro lado. Agora toca o compromiso, pero tocan tamén os feitos. Non podemos agardar nin un minuto máis porque os ollos da futura xeración están postos en nós. Dicía Barack Obama: somos a primeira xeración en padecer os efectos do cambio climático e a derradeira que pode facer algo ao respecto. Fagámolo.

*Señora alcaldesa y señoras y señores concejales, ya no podemos mirar para otro lado. Ahora toca el compromiso, pero tocan también los hechos. No podemos esperar ni un minuto más porque los ojos de la futura generación están puestos en nosotros. Decía Barack Obama: somos la primera generación en padecer los efectos del cambio climático y la última que puede hacer algo al respeto. Hagámoslo.*

Moitas gracias.

*Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora Fontán.

*Muchas gracias, señora Fontán.*

Señora Martínez, cinco minutos.

*Señora Martínez, cinco minutos.*

**<u>Señora Martínez Lema</u>**

***<u>Señora Martínez Lema</u>***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

A actividade humana está aumentando a temperatura da terra como resultado das emisións de gases de efecto invernadoiro propiciando o cambio climático. Segundo a Axencia Europea de Medio Ambiente, o cambio climático é o elemento clave para explicar as ondas de calor e os cambios na distribución de enfermidades infecciosas. En países mediterráneos como España espérase un incremento na mortalidade relacionada coa alta temperatura. Espérase tamén que aumente o número de inundacións en Europa, que ó longo da última década xa provocou millóns de lesións, mortes e

*La actividad humana está aumentando la temperatura de la tierra como resultado de las emisiones de gases de efecto invernadero propiciando el cambio climático. Según la Agencia Europea de Medio Ambiente, el cambio climático es el elemento clave para explicar las olas de calor y los cambios en la distribución de enfermedades infecciosas. En países mediterráneos como España se espera un incremento en la mortalidad relacionada con la alta temperatura. Se espera también que aumente el número de inundaciones en Europa, que a lo largo de la última década ya provocó millones*

enfermidades.

*de lesiones, muertes y enfermedades.*

O incremento do nivel do mar convirte as zoas costeiras en puntos críticos ao aumentar o risco de inundacións. Isto provoca que as especies mariñas —claves para o sector pesqueiro— tamén estean abandonando augas nacionais.

*El incremento del nivel del mar convierte las zonas costeras en puntos críticos al aumentar el riesgo de inundaciones. Esto provoca que las especies marinas —claves para el sector pesquero— también estén abandonando aguas nacionales.*

Os efectos do cambio climático tamén pasan factura aos bolsillos dos europeos. Os fenómenos extremos relacionados co clima xa costaron máis de 400.000 millóns de euros en Europa dende 1980. En España a cifra elévase a case 1.000 millóns ao ano e as previsións din que os danos na rexión mediterránea son os que máis van aumentar na próxima década.

*Los efectos del cambio climático también pasan factura a los bolsillos de los europeos. Los fenómenos extremos relacionados con el clima ya costaron más de 400.000 millones de euros en Europa desde 1980. En España la cifra se eleva a casi 1.000 millones al año y las previsiones dicen que los daños en la región mediterránea son los que más van a aumentar en la próxima década.*

Do mesmo modo, o cambio climático terá consecuencias sobre os fenómenos migratorios, a inestabilidade xeo-política e as ameazas á seguridade. Igualmente hai que destacar os graves efectos sobre a seca. Pero ademais, afecta o cambio climático ó grave problema da contaminación do aire das nosas cidades. De acordo coa Organización Mundial da Saúde, o 27 % dos infartos de miocardio teñen que ver cunha exposición ó aire contaminado. No caso dos accidentes cerebro-vasculares a cifra é do 34 %, e co cancro de pulmón é un 37 %. A OMS insta a fomentar sistemas de transporte pouco contaminantes, fontes de enerxía limpa, eficiencia enerxética e unha xestión sostible dos desfeitos para combater a polución do aire, responsable dos 6,5 millóns de mortes globais ao ano.

***Primera.- Moción para garantizar que se incluyan en la plataforma digital para el comercio on-line que está elaborando este Ayuntamiento, unos servicios básicos.***

**Sobre esta moción o Grupo Municipal da Marea Atlántica presenta unha emenda de adición que é aceptada co Grupo Mixto.**

***Sobre esta moción el Grupo Municipal de la Marea Atlántica presenta una enmienda adición que es aceptada por el Grupo Mixto.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Primeira delas presentada polo Grupo Mixto, que ten unha emenda de adición de Marea Atlántica.

*Primera de ellas presentada por el Grupo Mixto, que tiene una enmienda de adición de Marea Atlántica.*

Señora Martínez.

*Señora Martínez.*

**Señora Martínez Lema**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Emenda que si vamos aceptar.

Dentro das medidas de apoio ao comercio local para a súa transformación dixital, ademais das axudas directas económicas e de formación debe xerarse unha acción conxunta. Numerosas axudas de diferentes institucións durante anos para que os comercios e autónomos crearan a súa tenda on-line, fracasaron. Se tes un pequeno negocio e os teus coñecementos informáticos so son a nivel usuario, terás que contratar. O mundo das tendas on-line require de profesionais. Isto é o que pasou a unha parte dos autónomos que con pouca capacidade económica tiñan que recorrer a tendas moi básicas cuxos resultados eran pouco eficaces e lles facían desistir no intento.

**Ás doce horas e cincuenta e oito minutos sae do Salón de Sesións o señor Varela Gómez.**

O Concello, cunha suficiente capacidade económica e xestión de mecanismos para crear unha plataforma especializada, destinada a facilitar a adhesión de comerciantes e autónomos locais, debe buscar a forma de poñerlles as cousas doadas, e por iso, despois de consultar con varios autónomos e comerciantes que pasaron por estas experiencias, consideramos necesario propoñer ó Pleno os seguintes acordos para que a plataforma teña o éxito garantido e para iso, como mínimo, inclúa:

Non esixir ningún tipo de inversión inicial durante un período de entre 6 meses ou un ano.

Ir acompañado do plan de asesoramento

***Señora Martínez Lema***

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Enmienda que sí vamos a aceptar.*

*Dentro de las medidas de apoyo al comercio local para su transformación digital, además de las ayudas directas económicas y de formación debe generarse una acción conjunta. Numerosas ayudas de diferentes instituciones durante años para que los comercios y autónomos creasen su tienda on-line, fracasaron. Si tienes un pequeño negocio y tus conocimientos informáticos solo son a nivel usuario, tendrás que contratar. El mundo de las tiendas on-line requiere de profesionales. Esto es lo que pasó a una parte de los autónomos que con poca capacidad económica tenían que recurrir a tiendas muy básicas cuyos resultados eran poco eficaces y les hacían desistir en el intento.*

***A las doce horas y cincuenta y ocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Varela Gómez.***

*El Ayuntamiento, con una suficiente capacidad económica y gestión de mecanismos para crear una plataforma especializada, destinada a facilitar la adhesión de comerciantes y autónomos locales, debe buscar la forma de ponerles las cosas fáciles, y por eso, después de consultar con varios autónomos y comerciantes que pasaron por estas experiencias, consideramos necesario proponer al Pleno los siguientes acuerdos para que la plataforma tenga el éxito garantizado y para eso, como mínimo, incluya:*

*No exigir ningún tipo de inversión inicial durante un período de entre 6 meses o un año.*

*Ir acompañado del plan de*

e formación dixital aprobado na liña 5 do PRESCO para un resultado positivo que poida ser espectacular.

A plataforma debe integrar todos os mecanismos necesarios para poñer en marcha un comercio que poda vender on-line e o manexo debe ser sinxelo e intuitivo, abarcando os medios tecnolóxicos de posicionamento, loxísticos e de comunicación necesarios.

Para promover esta plataforma débense promover contactos que dean apoio a esta iniciativa como outras entidades ou o mesmo apoio loxístico de Correos.

Trátase de ir de tendas nunha soa plataforma onde cada comercio deseñe o seu espazo, ó igual que o fai no escaparate da súa tenda física, cun manexo de personalización sinxelo e onde facer que o cliente se sinta como se pasease por unha rúa comercial mirando escaparates, entrando ao comercio, vendo os produtos e comprando.

Unha vez verificada a compra, a plataforma deberá indicar á empresa encargada dos envíos cando e onde recoller o paquete e ao comerciante a que hora debe telo listo.

A plataforma encargarase de ademais de facilitar todas as solucións tecnolóxicas, xestión de estocaxe, medios de pago correctamente configurados, dar soporte e realizar as fotografías aos produtos, crear as fichas, subilas ás diferentes categorías do catálogo da tenda na plataforma; realizar o plan de asesoramento e formación dixital para un paso seguro da tenda tradicional ao novo reto dixital; levar a cabo a campaña de marketing, a comunicación e difusión, a publicidade dos negocios adheridos; ofrecer un servizo de mantemento

*asesoramiento y formación digital aprobado en la línea 5 del PRESCO para un resultado positivo que pueda ser espectacular.*

*La plataforma debe integrar todos los mecanismos necesarios para poner en marcha un comercio que pueda vender on-line y el manejo debe ser sencillo e intuitivo, abarcando los medios tecnológicos de posicionamiento, logísticos y de comunicación necesarios.*

*Para promover esta plataforma se deben promover contactos que den apoyo a esta iniciativa como otras entidades o el mismo apoyo logístico de Correos.*

*Se trata de ir de tiendas en una sola plataforma donde cada comercio diseñe su espacio, al igual que lo hace en el escaparate de su tienda física, con un manejo de personalización sencillo y donde hacer que el cliente se sienta como si paseara por una calle comercial mirando escaparates, entrando al comercio, viendo los productos y comprando.*

*Una vez verificada la compra, la plataforma deberá indicar a la empresa encargada de los envíos cuándo y dónde recoger el paquete y al comerciante a qué hora debe tenerlo listo.*

*La plataforma se encargará de además de facilitar todas las soluciones tecnológicas, gestión de estocaje, medios de pago correctamente configurados, dar soporte y realizar las fotografías a los productos, crear las fichas, subirlas a las diferentes categorías del catálogo de la tienda en la plataforma; realizar el plan de asesoramiento y formación digital para un paso seguro de la tienda tradicional al nuevo reto digital; llevar a cabo la campaña de marketing, la comunicación y difusión, la publicidad de los negocios adheridos; ofrecer un*

técnico personalizado a cada tenda por unha cantidade mensual inicial durante un ano e que non exceda os 40 €; informar periodicamente ao Concello da súa evolución con datos, cifras de efectividade e rendemento da plataforma.

*servicio de mantenimiento técnico personalizado a cada tienda por una cantidad mensual inicial durante un año y que no exceda los 40 €; informar periódicamente al Ayuntamiento de su evolución con datos, cifras de efectividad y rendimiento de la plataforma.*

A gran vantaxe do pequeno comercio é o trato personalizado e hoxe en día cun bo equipo técnico tamén se pode facer a través de internet incluso antes de pechar unha compra, ó poder ofrecer falar directamente co dependente, comentarlle dúbidas como se realmente o cliente se encontrase nunha tenda física.

*La gran ventaja del pequeño comercio es el trato personalizado y hoy en día con un bueno equipo técnico también se puede hacer a través de internet incluso antes de cerrar una compra, al poder ofrecer hablar directamente con el dependiente, comentarle dudas como si realmente el cliente se encontrara en una tienda física.*

E a continuación paso a mencionar os puntos que engadimos plantexados pola Marea que serían: que a plataforma dixital de comercio online do Concello se desenvolva principalmente en software libre e eu engado aquí que prioricemos por favor a compra e a contratación en empresas locais ou da contorna e conte con estándares de datos abertos e reutilizables tal e como establece a Axencia Dixital Europea. E por último, desenvolver as accións **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** necesarias para que a plataforma dixital de comercio online do Concello incorpore o servicio de reparto en bicicleta da última milla. E aquí que quede claro que sería incorporar a maiores, non que sería so o único servizo.

*Y a continuación paso a mencionar los puntos que añadimos planteados por la Marea que serían: que la plataforma digital de comercio online del Ayuntamiento se desarrolle principalmente en software libre y yo añado aquí que prioricemos por favor la compra y la contratación en empresas locales o del entorno y cuente con estándares de datos abiertos y reutilizables tal y como establece la Agencia Digital Europea. Y por último, desarrollar las acciones* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *necesarias para que la plataforma digital de comercio online del Ayuntamiento incorpore el servicio de reparto en bicicleta de la última milla. Y aquí que quede claro que sería incorporar a mayores, no que sería solo el único servicio.*

Se estes 10 acordos mínimos se compren, unha vez que o comerciante adquira a destreza necesaria durante os primeiros meses xa non lle suporá tanto esforzo.

*Si estos 10 acuerdos mínimos se cumplen, una vez que el comerciante adquiera la destreza necesaria durante los primeros meses ya no le supondrá tanto esfuerzo.*

Pedimos pois o apoio para esta moción, grazas.

*Pedimos pues el apoyo para esta moción, gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

**Señor Jorquera Caselas**

Grazas.

Señor Rodríguez, o exemplo que puxen —porque estábamos falando do Pacto de Alcaldías polo Clima e a Enerxía— foi o parón ás renovables decretado polo Goberno Rajoy. Pero mire vostede, se quere que fagamos un resumo: parón ás renovables —porque a Xunta de Galiza tamén decretou o parón ás renovables no noso país—, aposta por un modelo forestal baseado no monocultivo e encher o país de eucaliptos, megaminería, incineración de residuos. Ese é o compromiso real da actual Xunta de Galiza coa loita fronte o cambio climático.

Pero centrándome xa nos contidos desta moción por respecto á señora Mónica Martínez, é obvio que o comercio é un sector enormemente afectado polo parón da actividade por mor da covid, e precisa de medidas de apoio por parte do Concello para facer fronte ás consecuencias desta situación. Consecuencias que se veñen sumar ós problemas estruturais que xa tiña o pequeno comercio na nosa cidade.

Nos últimos 10 anos pecharon na Coruña arredor de 800 pequenos comercios, destruíndose case a cuarta parte do noso tecido comercial. Abonda con pasear polas rúas da cidade para poder constatalo. E no conxunto de Galiza, nos últimos 4 anos pecharon 3.600 comercios, a razón de 2 peches e medio cada día. Peches que por desgraza poden verse incrementados pola crise provocada

*Muchas gracias, señora Martínez.*

*Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.*

***Señor Jorquera Caselas***

*Gracias.*

*Señor Rodríguez, el ejemplo que puse —porque estábamos hablando del Pacto de Alcaldías por el Clima y la Energía— fue el parón a las renovables decretado por el Gobierno Rajoy. Pero mire usted, si quiere que hagamos un resumen: parón a las renovables —porque la Xunta de Galicia también decretó el parón a las renovables en nuestro país—, apuesta por un modelo forestal basado en el monocultivo y llenar el país de eucaliptos, megaminería, incineración de residuos. Ese es el compromiso real de la actual Xunta de Galicia con la lucha frente el cambio climático.*

*Pero centrándome ya en los contenidos de esta moción por respeto a la señora Mónica Martínez, es obvio que el comercio es un sector enormemente afectado por el parón de la actividad por causa de la covid, y necesita de medidas de apoyo por parte del Ayuntamiento para hacer frente a las consecuencias de esta situación. Consecuencias que se vienen a sumar a los problemas estructurales que ya tenía el pequeño comercio en nuestra ciudad.*

*En los últimos 10 años cerraron en A Coruña alrededor de 800 pequeños comercios, destruyéndose casi la cuarta parte de nuestro tejido comercial. Es suficiente con pasear por las calles de la ciudad para poder constatarlo. Y en el conjunto de Galicia, en los últimos 4 años cerraron 3.600 comercios, a razón de 2 cierres y medio cada día. Cierres que por desgracia pueden verse incrementados*

pola pandemia.

*por la crisis provocada por la pandemia.*

Os problemas do pequeno comercio son variados e complexos. A súa subsistencia e revitalización non pasa só polo comercio online. Hai que poñer couto á proliferación de centros comerciais, apostar pola especialización, incardinar o apoio ao pequeno comercio na aposta por unha economía de proximidade e un modelo de consumo máis responsábel, concibir o apoio ao pequeno comercio como unha política transversal, aposta por un espazo urbano de calidade, a mellora da mobilidade e accesibilidade, a integración da nosa oferta comercial na promoción turística, son políticas que inciden na súa revitalización, do mesmo xeito que a potenciación dos mercados municipais para que se convertan en auténticos corazóns de barrio e en centros de dinamización da vida comercial dos barrios.

*Los problemas del pequeño comercio son variados y complejos. Su subsistencia y revitalización no pasa solo por el comercio online. Hay que poner coto a la proliferación de centros comerciales, apostar por la especialización, incardinar el apoyo al pequeño comercio en la apuesta por una economía de proximidad y un modelo de consumo más responsable, concebir el apoyo al pequeño comercio como una política transversal, apuesta por un espacio urbano de calidad, la mejora de la movilidad y accesibilidad, la integración de nuestra oferta comercial en la promoción turística, son políticas que inciden en su revitalización, al igual que la potenciación de los mercados municipales para que se conviertan en auténticos corazones de barrio y en centros de dinamización de la vida comercial de los barrios.*

Pero en calquera caso, tamén é necesario que o pequeno comercio estea en condicións de competir cos xigantes da distribución online. Durante o parón da actividade, mentres as tendas estaban pechadas, Amazon aínda gañou máis cota de mercado ó seguir funcionando o comercio online. Unha razón máis para atender esta necesidade.

*Pero en cualquier caso, también es necesario que el pequeño comercio esté en condiciones de competir con los gigantes de la distribución online. Durante el parón de la actividad, mientras las tiendas estaban cerradas, Amazon aun ganó más cuota de mercado al seguir funcionando el comercio online. Una razón más para atender esta necesidad.*

Iso si, con respecto aos contidos concretos desta moción asáltanos unha dúbida: non sei se é lóxico que se predeterminen a través dunha moción todos os servizos que debe de contemplar a plataforma dixital, pero coa orientación de fondo desta moción estamos de acordo.

*Eso sí, con respecto a los contenidos concretos de esta moción nos asalta una duda: no sé si es lógico que se predeterminen a través de una moción todos los servicios que debe de contemplar la plataforma digital, pero con la orientación de fondo de esta moción estamos de acuerdo.*

Por estas razóns, o BNG vai votar a favor, moitas grazas.

*Por estas razones, el BNG va a votar a favor, muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

**<u>Señora Delso Carreira</u>**

Señora alcaldesa, se mo permite, hai que comprar máis micros. Xa o dixen no pasado Pleno.

Vale, moitas grazas.

Bo día a todos os compañeiros de Corporación, funcionarios municipais e traballadores dos medios de comunicación, así como a todas as persoas que nos seguides a través do *streaming* e hoxe, por fin, de novo e presencialmente a través do Salón de Plenos.

Un dos retos do pasado mandato foi, entre outras cousas, a modernización e dinamización do comercio e o fomento da compra de proximidade, con diversas medidas e iniciativas como as "Tendas á exame", os mercadiños urbanos nos barrios, campañas especiais coma a do Samaín, o mercado ecolóxico do Campo da Leña, a posta en marcha dun sistema da bici-reparto dos mercados municipais, etcétera, etcétera. Todo isto canalizado e coordinado coa Mesa Local de Comercio.

Este reto é todavía máis importante neste momento de crise sanitaria e de pandemia, onde o sector primario e o comercio local amosaron dun xeito evidente a súa importancia e a súa relevancia como servizo esencial para a sociedade.

Dito isto, parécenos necesario que o Concello desenvolva nestes momentos unha plataforma dixital de comercio online para o tecido comercial local, sendo ademais unha promesa electoral do

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Por la Marea Atlántica, señora Delso.*

***<u>Señora Delso Carreira</u>***

*Señora alcaldesa, si me lo permite, hay que comprar más micros. Ya lo dije en el pasado Pleno.*

*Vale, muchas gracias.*

*Buenos días a todos los compañeros de Corporación, funcionarios municipales y trabajadores de los medios de comunicación, así como a todas las personas que nos seguís en directo y hoy, por fin, de nuevo y presencialmente a través del Salón de Plenos.*

*Uno de los retos del pasado mandato fue, entre otras cosas, la modernización y dinamización del comercio y el fomento de la compra de proximidad, con diversas medidas e iniciativas como las "Tiendas a la examen", los mercadillos urbanos en los barrios, campañas especiales como la del Samaín, el mercado ecológico del Campo de la Leña, la puesta en marcha de un sistema de la bici-reparto de los mercados municipales, etcétera, etcétera. Todo esto canalizado y coordinado con la Mesa Local de Comercio.*

*Este reto es todavía más importante en este momento de crisis sanitaria y de pandemia, donde el sector primario y el comercio local mostraron de una manera evidente su importancia y su relevancia como servicio esencial para la sociedad.*

*Dicho esto, nos parece necesario que el Ayuntamiento desarrolle en estos momentos una plataforma digital de comercio online para el tejido comercial local, siendo además una promesa*

Partido Socialista e está ben que empecen a facer algunha das medidas que levaban no programa.

*electoral del Partido Socialista y está bien que empiecen a hacer alguna de las medidas que llevaban en el programa.*

Sen embargo, é inexplicable que nun ano de mandato non fixeran nada no ámbito do comercio, ningunha das campañas e das iniciativas que, de promoción que viñan funcionando por outro lado estupendamente. Nin “Tendas á exame”, nin Samaín, nin mercadiños urbanos, nada.

*Sin embargo, es inexplicable que en un año de mandato no hicieran nada en el ámbito del comercio, ninguna de las campañas y de las iniciativas que, de promoción que venían funcionando por otro lado estupendamente. Ni “Tiendas a examen”, ni Samaín, ni mercadillos urbanos, nada.*

Agora o comercio local precisa campañas de promoción do consumo e da compra de produto local e de proximidade. Para iso tamén é fundamental que dende as administracións públicas nos impliquemos tamén na mellora, por exemplo, das liñas de distribución do produto local, etc. Os bonos de compra para o comercio local que aprobamos no PRESCO son unha boa idea, é idea da Marea Atlántica por certo, que xerou consenso co resto dos Grupos. Agora ben, a nosa proposta sempre foron uns bonos a modo de moeda local que contribuísen a axudar ás rendas máis baixas e a fomentar o consumo de proximidade. Un xeito de conectar gasto social de rescate con estímulo económico local. É dicir, a nosa proposta sempre tivo un enfoque redistributivo. O resultado final non foi ese, e celebramos evidentemente a medida dos bonos, cremos que son necesarios, pero cremos que neste momento tamén era necesario ir máis alá. Coido que este é un bo exemplo da importancia que teñen os comos en política. O como desenvolver unha política pública respecto ao que. Estamos de acordo no que, pero os comos son o que verdadeiramente marca a diferenza. En este momento a sociedade precisa políticas públicas transformadoras e de mirada longa, como podería ser a implantación dunha moeda social na nosa cidade.

*Ahora el comercio local necesita campañas de promoción del consumo y de la compra de producto local y de proximidad. Para eso también es fundamental que desde las administraciones públicas nos impliquemos también en la mejora, por ejemplo, de las líneas de distribución del producto local, etc. Los bonos de compra para el comercio local que aprobamos en el PRESCO son una buena idea, es idea de la Marea Atlántica por cierto, que generó consenso con el resto de los Grupos. Ahora bien, nuestra propuesta siempre fueron unos bonos a modo de moneda local que contribuyeran a ayudar a las rentas más bajas y a fomentar el consumo de proximidad. Una manera de conectar gasto social de rescate con estímulo económico local. Es decir, nuestra propuesta siempre tuvo un enfoque redistributivo. El resultado final no fue ese, y celebramos evidentemente la medida de los bonos, creemos que son necesarios, pero creemos que en este momento también era necesario ir más allá. Creo que este es un buen ejemplo de la importancia que tienen los cómos en política. El cómo desarrollar una política pública respecto al qué. Estamos de acuerdo en el qué, pero los cómos son lo que verdaderamente marca la diferencia. En este momento la sociedad necesita políticas públicas transformadoras y de mirada larga, como podría ser la implantación de una moneda social en*

*nuestra ciudad.*

**Ás trece horas e sete minutos entra no Salón de Sesións o señor Varela Gómez.**

***A las trece horas y siete minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Varela Gómez.***

Ademais, cando falamos de desarrollo de software, de tecnoloxía, tamén hai diferencias fundamentais en como facer as cousas. Podemos comprar un produto tecnolóxico a unha empresa X, un produto que por outro lado está enlatado e o máis probable é que non se adapte ao que exactamente precisamos. Neste caso, o noso tecido comercial. Ou podemos buscar unha solución de software libre, contar co tecido tecnolóxico local e que traballa en software libre, que é moito e moi bo, e xerar coñecemento tamén dentro da administración, para que o *know how* desa aplicación quede na casa. Nos modos está a diferenza entre políticas públicas continuistas **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** ou transformadoras.

*Además, cuando hablamos de desarrollo de software, de tecnología, también hay diferencias fundamentales en cómo hacer las cosas. Podemos comprar un producto tecnológico a una empresa X, un producto que por otro lado está enlatado y lo más probable es que no se adapte a lo que exactamente necesitamos. En este caso, nuestro tejido comercial. O podemos buscar una solución de software libre, contar con el tejido tecnológico local y que trabaja en software libre, que es mucho y muy bueno, y generar conocimiento también dentro de la administración, para que el "know how" de esa aplicación quede en casa. En los modos está la diferencia entre políticas públicas continuistas* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *o transformadoras.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Delso.

*Muchas gracias, señora Delso.*

Polo Grupo Popular, señora Cendán.

*Por el Grupo Popular, señora Cendán.*

**Señora Cendán Gayoso**

***Señora Cendán Gayoso***

Si, gracias, señora alcaldesa.

*Sí, gracias, señora alcaldesa.*

Sodes moito máis ca un servizo, sodes moito máis que xeradores de emprego, dades vida ás nosas rúas. Agora que o consumo parece que remonta, necesitamos que recuperedes o pulso perdido. Estamos aquí para sumar por Coruña, non o ides a facer sos. Este duro trago ímolo pasar xuntos. É de toda a Corporación o compromiso de axudar ao

*Sois mucho más que un servicio, sois mucho más que generadores de empleo, dais vida a nuestras calles. Ahora que el consumo parece que remonta, necesitamos que recuperéis el pulso perdido. Estamos aquí para sumar por Coruña, no lo vais a hacer solos. Este duro trago lo vamos a pasar juntos. Es de toda la Corporación el compromiso de*

noso comercio a reverter esta situación. Unha situación que precisa xa de medidas efectivas que garantan a continuidade da actividade comercial herculina, como as adoptadas recentemente e que nós propuxemos xa en marzo. Axudas económicas a autónomos e PEMES, disposición de liquidez, pago de aluguer de locais e cotas de autónomos ou subvencións para compras de materiais de protección e desinfección.

*ayudar a nuestro comercio a revertir esta situación. Una situación que necesita ya medidas efectivas que garanticen la continuidad de la actividad comercial herculina, como las adoptadas recientemente y que nosotros propusimos ya en marzo. Ayudas económicas a autónomos y PYMES, disposición de liquidez, pago de alquiler de locales y cuotas de autónomos o subvenciones para compras de materiales de protección y desinfección.*

Falamos dunha actividade que nos últimos meses debátese entre a necesidade de abrir e a incerteza dun futuro próximo, un futuro do que o único que sabemos é que cambia a unha velocidade de vertixe. Vímolo e vivímolo nestes últimos meses, onde moitos negocios tiveron que reinventarse e buscar novas fórmulas de traballo, métodos de venda e alianzas: atención telefónica, reparto a domicilio ou novos medios de pago.

*Hablamos de una actividad que en los últimos meses se debate entre la necesidad de abrir y la incertidumbre de un futuro próximo, un futuro del que lo único que sabemos es que cambia a una velocidad de vértigo. Lo vimos y lo vivimos en estos últimos meses, donde muchos negocios tuvieron que reinventarse y buscar nuevas fórmulas de trabajo, métodos de venta y alianzas: atención telefónica, reparto a domicilio o nuevos medios de pago.*

Polas restricións e tamén polo medo a saír á rúa, o consumidor aumentou a súa actividade por internet. Faise precisa por tanto a adaptación ás novas necesidades creadas se queremos un comercio minorista próspero e adaptado ós cambios dos hábitos do consumo. Nesta liña xa está traballando a Xunta de Galicia, que destina agora mesmo 23,5 millóns de euros para que o comercio e as PEMES gañen en competitividade no novo contexto económico. 6,5 millóns á dixitalización das PEMES, 4 a facilitar o teletraballo, 3 ao impulso da dixitalización no rural e na economía social, 6 á internacionalización dixital, e á liña máis acaída, ó tema que hoxe tratamos, 4 millóns á modernización e á innovación do comercio de proximidade para o desenvolvemento de novas canles e fórmulas de comercialización e para a adaptación dos seus establecementos.

*Por las restricciones y también por el miedo a salir a la calle, el consumidor aumentó su actividad por internet. Se hace necesaria por tanto la adaptación a las nuevas necesidades creadas si queremos un comercio minorista próspero y adaptado a los cambios de los hábitos del consumo. En esta línea ya está trabajando la Xunta de Galicia, que destina ahora mismo 23,5 millones de euros para que el comercio y las PYMES ganen en competitividad en el nuevo contexto económico. 6,5 millones a la digitalización de las PYMES, 4 a facilitar el teletrabajo, 3 al impulso de la digitalización en el rural y en la economía social, 6 a la internacionalización digital, y a la línea más apropiada, al tema que hoy tratamos, 4 millones a la modernización y a la innovación del comercio de proximidad para el desarrollo de nuevos canales y fórmulas de comercialización y*

*para la adaptación de sus establecimientos.*

A dixitalización xa non é unha opción. Necesitamos ter presenza online, estar xeo-localizados e posicionarnos como referencia de futuro, ofrecendo ó consumidor unha multiplicidade comunicativa. Nós sabémolo, e por iso sempre apostamos por incluír no noso proxecto de cidade a implantación dun plan de dixitalización do comercio. Unha aposta na que insistimos cando solicitamos no último orzamento un convenio coa FUCC para a posta en marcha dunha plataforma como a que hoxe trae aquí a señora Martínez.

*La digitalización ya no es una opción. Necesitamos tener presencia online, estar geo-localizados y posicionarnos como referencia de futuro, ofreciendo al consumidor una multiplicidad comunicativa. Nosotros lo sabemos, y por eso siempre apostamos por incluir en nuestro proyecto de ciudad la implantación de un plan de digitalización del comercio. Una apuesta en la que insistimos cuando solicitamos en el último presupuesto un convenio con la FUCC para la puesta en marcha de una plataforma como la que hoy trae aquí la señora Martínez.*

É por iso que o noso voto é a favor, xa que se ben a moción incide nas características técnicas do servizo en si, ten o espírito que compartimos. Estamos aquí para sumar por Coruña, non o ides facer sos.

*Es por eso que nuestro voto es a favor, ya que si bien la moción incide en las características técnicas del servicio en sí, tiene el espíritu que compartimos. Estamos aquí para sumar por Coruña, no lo vais a hacer solos.*

Gracias.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Cendán.

*Muchas gracias, señora Cendán.*

Polo Grupo Socialista, señora Fontán.

*Por el Grupo Socialista, señora Fontán.*

**Señora Fontán Prado**

***Señora Fontán Prado***

Si, gracias, señora alcaldesa.

*Sí, gracias, señora alcaldesa.*

Señora Martínez, o Grupo de o Goberno está de acordo coa filosofía e o contido desta moción polo que xa lle adianto o noso voto favorable á mesma.

*Señora Martínez, el Grupo del Gobierno está de acuerdo con la filosofía y el contenido de esta moción por lo que ya le adelanto nuestro voto favorable a la misma.*

E que non podemos estar máis de acordo constatando os feitos: por unha banda, o traballo que xa se está a desenrolar na Concellaría de Comercio dende fai algún tempo, na liña de dotar ao comercio

*Y que no podemos estar más de acuerdo constatando los hechos: por una parte, el trabajo que ya se está desenrollando en la Concejalía de Comercio desde hace algún tiempo, en la línea de dotar al*

coruñés dunha ferramenta tan necesaria —imprescindible, diría eu— como unha plataforma dixital, algo que por certo xa é longamente demandado polos propios comerciantes; e por outra banda, o recentemente aprobado PRESCO, que na súa liña 5 fai unha decidida aposta polo apoio á dixitalización do noso comercio con dúas liñas de actuación que xa vostedes sinalan na súa moción e que conta cunha dotación tan importante como 600.000 €.

*comercio coruñés de una herramienta tan necesaria —imprescindible, diría yo— como una plataforma digital, algo que por cierto ya es largamente demandado por los propios comerciantes; y por otra parte, el recién aprobado PRESCO, que en su línea 5 hace una decidida apuesta por el apoyo a la digitalización de nuestro comercio con dos líneas de actuación que ya ustedes señalan en su moción y que cuenta con una dotación tan importante cómo 600.000 €.*

É tremendamente complexo —por non dicir imposible— pensar que neste período de pandemia do que estamos a saír poida ter algo positivo, pero si puidera alo menos salientar algo que se asemelle unha certa positividade, é o descubrimento para moitos, redescubrimento para algúns, dos nosos veciños comerciantes, eses que tiveron a tenda aberta para que mercáramos carne, peixe, legumes ou froita que levar as nosas mesas. Eses que hoxe xa non son para nós caras descoñecidas. Tantos e tantos nomes propios detrás dos que atopamos calidade, confianza, cercanía, seguridade, e ós que toca ser quen de axudalos a seguir adiante especializándose e modernizándose. Porque agora que vamos a unha nova normalidade, debemos non só agradecer que estiveran aí cando os necesitamos, se non recoñecer a súa importancia e a súa aportación á economía da cidade, e polo mesmo, procurar que sigan estando aí para facer un sector comercial grande, forte e competitivo. Agora ábrese diante deles e diante de nós unha oportunidade única que non podemos desaproveitar.

*Es tremendamente complejo —por no decir imposible— pensar que en este período de pandemia del que estamos saliendo pueda tener algo positivo, pero sí pudiese al menos destacar algo que se asemeje una cierta positividad, es el descubrimiento para muchos, redescubrimiento para algunos, de nuestros vecinos comerciantes, esos que tuvieron la tienda abierta para que comprásemos carne, pescado, legumbres o fruta que llevar a nuestras mesas. Esos que hoy ya no son para nosotros caras desconocidas. Tantos y tantos nombres propios detrás de los que encontramos calidad, confianza, cercanía, seguridad, y a los que toca ser quien de ayudarlos a seguir adelante especializándose y modernizándose. Porque ahora que vamos a una nueva normalidad, debemos no solo agradecer que estuviesen ahí cuando los necesitamos, si no reconocer su importancia y su aportación a la economía de la ciudad, y por lo mismo, procurar que sigan estando ahí para hacer un sector comercial grande, fuerte y competitivo. Ahora se abre delante de ellos y delante de nosotros una oportunidad única que no podemos desaprovechar.*

Moitas das medidas propostas por vostede xa as tiñamos asumidas no traballo feito e outras a bo seguro que as falaremos e as desenrolaremos dende unha vontade de dotar ao noso tecido

*Muchas de las medidas propuestas por usted ya las teníamos asumidas en el trabajo hecho y otras a buen seguro que las hablaremos y las desarrollaremos desde una voluntad de dotar a nuestro*

comercial dunha ferramenta dixital útil e acorde aos tempos. Di o PRESCO na súa memoria que é froito do diálogo e das achegas dos distintos Grupos da Corporación, así como da escoita das demandas e inquedanzas dos sectores afectados. Ese é o camiño que abriu a nosa alcaldesa, ese é o camiño que vai seguir a Concellaría de Comercio: o do diálogo, o do compromiso polo noso. E como a filosofía e no contido da súa moción vai nesa liña, conta co noso apoio.

*tejido comercial de una herramienta digital útil y acorde a los tiempos. Dice el PRESCO en su memoria que es fruto del diálogo y de las aportaciones de los distintos Grupos de la Corporación, así como de la escucha de las demandas e inquietudes de los sectores afectados. Ese es el camino que abrió nuestra alcaldesa, ese es el camino que va a seguir la Concejalía de Comercio: el del diálogo, el del compromiso por lo nuestro. Y como la filosofía y en el contenido de su moción va en esa línea, cuenta con nuestro apoyo.*

Gracias.

*Gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora Fontán.

*Muchas gracias, señora Fontán.*

Procedemos á votación da moción porque entendín, señora Martínez, que aceptaba a emenda presentada pola Marea. **(A señora Martínez Lema asinte).**

*Procedemos a la votación de la moción porque entendí, señora Martínez, que aceptaba la enmienda presentada por la Marea.* ***(La señora Martínez Lema asiente).***

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Ben, se incorpora a emenda á moción.

*Bien, se incorpora la enmienda a la moción.*

**<u>Votación da primeira moción do Grupo Mixto, con emenda de adición do Grupo Municipal da Marea Atlántica</u>**

***<u>Votación de la primera moción del Grupo Mixto, con enmienda de adición del Grupo Municipal de la Marea Atlántica</u>***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción do Grupo Mixto, con emenda de adición do Grupo Municipal da Marea Atlántica, para garantir que se inclúan na plataforma dixital para o comercio online que está a elaborar este Concello, uns servizos básicos, votando ao mesmo tempo as señoras concelleiras e os señores concelleiros presentes no Salón de Plenos e a señora concelleira que asiste telematicamente a este Pleno,

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción del Grupo Mixto, con enmienda de adición del Grupo Municipal de la Marea Atlántica, para garantizar que se incluyan en la plataforma digital para el comercio online que está elaborando este Ayuntamiento, unos servicios básicos, votando al mismo tiempo las señoras concejales y los señores concejales presentes en el Salón de Plenos y la señora concejala que asiste*

producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, queda aprobada por unanimidade.

**87. Moción para garantir que se inclúan na plataforma dixital para o comercio online que está a elaborar este Concello, uns servizos básicos.**

**<u>Acordo</u>**

1. Non esixir ningún tipo de investimento inicial durante un período de entre seis meses ou un ano.

2. Ir acompañada do Plan de Asesoramento e Formación dixital aprobado na Liña 5 do PRESCO, para un resultado positivo que pode ser espectacular.

3. A plataforma debe integrar todos os mecanismos necesarios para poñer en marcha un comercio que poida vender online e o manexo debe ser sinxelo e intuitivo abarcando os medios tecnolóxicos, de posicionamento, loxísticos e de comunicación necesarios.

*telemáticamente a este Pleno, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos)*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

*Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).*

***<u>Presidencia</u>***

Muchas gracias, queda aprobada por unanimidad.

***87. Moción para garantizar que se incluyan en la plataforma digital para el comercio online que está elaborando este Ayuntamiento, unos servicios básicos.***

***<u>Acuerdo</u>***

*1. No exigir ningún tipo de inversión inicial durante un período de entre seis meses o un año.*

*2. Ir acompañada del Plan de Asesoramiento y Formación digital aprobado en la Línea 5 del PRESCO, para un resultado positivo que puede ser espectacular.*

*3. La plataforma debe integrar todos los mecanismos necesarios para poner en marcha un comercio que pueda vender online y el manejo debe ser sencillo e intuitivo abarcando los medios tecnológicos, de posicionamiento, logísticos y de comunicación necesarios.*

4. Para promover esta plataforma débense promover contactos que dean apoio a esta iniciativa, como outras entidades ou mesmo o apoio loxístico de Correos.

*4. Para promover esta plataforma se deben promover contactos que den apoyo a esta iniciativa, como otras entidades o mismo el apoyo logístico de Correos.*

5. Trátase de ir de tendas nunha soa plataforma, onde cada comercio deseñe o seu espazo do mesmo xeito que o fai no escaparate da súa tenda física, cun manexo de personalización sinxelo e onde facer que o cliente senta coma se pasease por unha rúa comercial, vendo escaparates, entrando ao comercio, vendo os produtos e comprando.

*5. Se trata de ir de tiendas en una sola plataforma, donde cada comercio diseñe su espacio al igual que lo hace en el escaparate de su tienda física, con un manejo de personalización sencillo y donde hacer que el cliente se sienta como si pasease por una calle comercial, viendo escaparates, entrando al comercio, viendo los productos y comprando.*

6. Unha vez verificada a compra, a plataforma deberá indicar á empresa encargada dos envíos cando e onde recoller o paquete e ao comerciante a que hora debe telo listo.

*6. Una vez verificada la compra, la plataforma deberá indicar a la empresa encargada de los envíos cuándo y dónde recoger el paquete y al comerciante a qué hora debe tenerlo listo.*

7. A plataforma encargarase de, ademais de facilitar todas as solucións tecnolóxicas (xestión de estocaxe, medios de pago correctamente configurados…), dar soporte e:

*7. La plataforma se encargará de, además de facilitar todas las soluciones tecnológicas (gestión de estocaje, medios de pago correctamente configurados...), dar soporte y:*

a) Realizar as fotografías aos produtos, crear as fichas, subilas ás diferentes categorías do catálogo da tenda na plataforma.

*a) Realizar las fotografías a los productos, crear las fichas, subirlas a las diferentes categorías del catálogo de la tienda en la plataforma.*

b) Realizar o plan de asesoramento e formación dixital para un paso seguro da tenda tradicional ao novo reto dixital.

*b) Realizar el plan de asesoramiento y formación digital para un paso seguro de la tienda tradicional al nuevo reto digital.*

c) Levar a cabo a campaña de márketing, a comunicación e difusión, a publicidade dos negocios adheridos.
d) Ofrecer un servizo de mantemento técnico personalizado a cada tenda por unha cantidade mensual inicial durante un ano e que non exceda de 40 €.

*c) Llevar a cabo la campaña de marketing, la comunicación y difusión, la publicidad de los negocios adheridos.*
*d) Ofrecer un servicio de mantenimiento técnico personalizado a cada tienda por una cantidad mensual inicial durante un año y que no exceda de 40 €.*

e) Informar periodicamente ó Concello da súa evolución, con datos e cifras da efectividade e rendemento da plataforma.

*e) Informar periódicamente al Ayuntamiento de su evolución, con datos y cifras de la efectividad y rendimiento de*

*la plataforma.*

8. A gran vantaxe do pequeno comercio é o trato personalizado e hoxe en día cun bo equipo técnico, tamén se pode facer a través de internet mesmo antes de pechar unha compra, o poder ofrecer falar directamente co dependente, comentarlle dúbidas coma se realmente o cliente se atopase nunha tenda física.

*8. La gran ventaja del pequeño comercio es el trato personalizado y hoy en día con un buen equipo técnico, también se puede hacer a través de internet incluso antes de cerrar una compra, el poder ofrecer hablar directamente con el dependiente, comentarle dudas como si realmente el cliente se encontrase en una tienda física.*

Se estes 8 acordos mínimos se compren, unha vez que o comerciante adquirise a destreza necesaria durante os primeiros meses, xa non lle supoñerá tanto esforzo dixitalizar todo o seu produto na tenda on-line, ademais das definicións ou os posicionamentos e a Plataforma será un éxito para o comercio e os autónomos.

*Si estos 8 acuerdos mínimos se cumplen, una vez que el comerciante haya adquirido la destreza necesaria durante los primeros meses, ya no le supondrá tanto esfuerzo digitalizar todo su producto en la tienda on-line, además de las definiciones o los posicionamientos y la Plataforma será un éxito para el comercio y los autónomos.*

9. Que a plataforma dixital de comercio on-line do Concello se desarrolle principalmente en software libre e conte con estándares de datos abertos e reutilizables tal e como establece a Axenda Dixital Europea.

*9. Que la plataforma digital de comercio on-line del Ayuntamiento se desarrolle principalmente en software libre y cuente con estándares de datos abiertos y reutilizables tal y como establece la Agenda Digital Europea.*

10. Desenvolver as accións para que a plataforma dixital de comercio on-line do Concello incorpore o servizo de reparto en bicicleta de última milla.

*10. Desarrollar las acciones para que la plataforma digital de comercio on-line del Ayuntamiento incorpore el servicio de reparto en bicicleta de última milla.*

**MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

***MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

**Primeira.- Moción sobre medidas para o sector do mar.**

***Primera.- Moción sobre medidas para el sector del mar.***

**Sobre esta moción o Grupo Municipal da Marea Atlántica presenta unha emenda de adición, que é aceptada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.**

***Sobre esta moción el Grupo Municipal de la Marea Atlántica presenta una enmienda de adición, que es aceptada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego.***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Pasamos xa coas mocións do Bloque Nacionalista Galego. A primeira delas é sobre medidas para o sector do mar, e consta unha emenda de adición da Marea Atlántica.

*Pasamos ya con las mociones del Bloque Nacionalista Galego. La primera de ellas es sobre medidas para el sector del mar, y consta una enmienda de adición de la Marea Atlántica.*

Ten a palabra o señor Jorquera.

*Tiene la palabra el señor Jorquera.*

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

A pesca e o marisqueo son parte fundamental da historia e da identidade desta cidade. O casco vello extramuros chámase A Pescaría. A cidade medrou arredor do seu porto, que tiña na pesca a súa actividade fundamental, e aínda hoxe a pesca e todas as actividades derivadas é un dos motores económicos da nosa cidade. Mais a crise provocada pola pandemia fixo que se agravasen algunhas das patoloxías que xa puñan en risco o futuro deste sector. O peche dos establecementos de restauración e hostalería reduciu drasticamente as vendas no sector e produciu unha grave caída de prezos. A Xunta de Galiza tiña competencia para decretar o cese de actividade, como se fundamenta e como fixo, por certo, o Principado de Asturias, pero como é costume a Xunta preferiu non facer nada. O devalo de ingresos provocado por esta situación está poñendo en risco o futuro de moitas familias. Pensemos, por exemplo, nas mariscadoras. As persoas que forman parte deste colectivo na súa inmensa maioría teñen rendas baixas, sen apenas aforros, polo que lles é practicamente imposíbel sen ingresos afrontar pagos como as cotas á seguridade social e atender as necesidades básicas, e a maiores disto están as dificultades para poder realizar de xeito seguro a actividade.

*La pesca y el marisqueo son parte fundamental de la historia y de la identidad de esta ciudad. El casco viejo extramuros se llama La Pescadería. La ciudad creció alrededor de su puerto, que tenía en la pesca su actividad fundamental, y aun hoy la pesca y todas las actividades derivadas es uno de los motores económicos de nuestra ciudad. Pero la crisis provocada por la pandemia hizo que se agravaran algunas de las patologías que ya ponían en riesgo el futuro de este sector. El cierre de los establecimientos de restauración y hostelería redujo drásticamente las ventas en el sector y produjo una grave caída de precios. La Xunta de Galicia tenía competencia para decretar el cese de actividad, como se fundamenta y como hizo, por cierto, el Principado de Asturias, pero como es costumbre la Xunta prefirió no hacer nada. La bajada de ingresos provocada por esta situación está poniendo en riesgo el futuro de muchas familias. Pensemos, por ejemplo, en las mariscadoras. Las personas que forman parte de este colectivo en su inmensa mayoría tienen rentas bajas, sin apenas ahorros, por lo que les es prácticamente imposible sin ingresos afrontar pagos como las cuotas a la seguridad social y atender las necesidades básicas, y a mayores de esto están las dificultades para poder realizar de manera segura la actividad.*

**Ás trece horas e quince minutos sae do Salón de Sesións o señor Díaz Villoslada.**

***A las trece horas y quince minutos sale del Salón de Sesiones el señor Díaz Villoslada.***

Por iso instamos á Xunta de Galiza a impulsar medidas para facer fronte ás consecuencias socioeconómicas desta situación e a adoptar, tamén, as medidas necesarias para garantir a protección dos traballadores e traballadoras do mar.

*Por eso instamos a la Xunta de Galicia a impulsar medidas para hacer frente a las consecuencias socioeconómicas de esta situación y a adoptar, también, las medidas necesarias para garantizar la protección de los trabajadores y trabajadoras del mar.*

E a este problema súmanse o conflito entre bateeiros e percebeiros. O percebe e a cría do mexillón son dúas especies que conviven no mesmo hábitat e o conflito xorde ao coincidir en determinadas zonas as autorizacións para a extracción da mexilla cos plans de explotación do percebe.

*Y a este problema se suman el conflicto entre bateeros y perceberos. El percebe y la cría del mejillón son dos especies que conviven en el mismo hábitat y el conflicto surge al coincidir en determinadas zonas las autorizaciones para la extracción de la mejilla con los planes de explotación del percebe.*

No caso concreto da Coruña, dáse ademais a circunstancia de que se está procedendo á extracción de mexilla en zonas como as Illas de San Pedro ou o entorno da Torre de Hércules, declaradas Espazos Naturais de Interese Local. E teño que admitir que a Xunta de Galiza hai algo que xa tiña aprendido antes da pandemia: lavar as mans. Pero neste caso o que se precisa non é que se lave as mans. O que se necesita é que a Xunta asuma as súas responsabilidades e o certo é que non actuou até que o conflito saltou aos medios de comunicación e adquiriu especial virulencia. Pero non abonda con solucións momentáneas e conxunturais. A Xunta ten que establecer un modelo de aproveitamento da cría de mexillón que delimite época, forma e zonas nas que se pode proceder á súa extracción sen poñer en risco o percebe e outras especies.

*En el caso concreto de A Coruña, se da además la circunstancia de que se está procediendo a la extracción de mejilla en zonas como las Islas de San Pedro o el entorno de la Torre de Hércules, declaradas espacios naturales de interés local. Y tengo que admitir que la Xunta de Galicia hay algo que ya había aprendido antes de la pandemia: lavar las manos. Pero en este caso lo que se precisa no es que se lave las manos. Lo que se necesita es que la Xunta asuma sus responsabilidades y lo cierto es que no actuó hasta que el conflicto saltó a los medios de comunicación y adquirió especial virulencia. Pero no es suficiente con soluciones momentáneas y coyunturales. La Xunta tiene que establecer un modelo de aprovechamiento de la cría de mejillón que delimite época, forma y zonas en las que se puede proceder a su extracción sin poner en riesgo el percebe y otras especies.*

E no caso concreto da Coruña é necesario ademais que a Xunta e o Goberno Municipal adopten as medidas oportunas

*Y en el caso concreto de A Coruña es necesario además que la Xunta y el Gobierno Municipal adopten las medidas*

para que o aproveitamento económico dos recursos das zonas declaradas ENIL non ameace a sustentabilidade deses recursos nin a biodiversidade.

*oportunas para que el aprovechamiento económico de los recursos de las zonas declaradas ENIL no amenace la sostenibilidad de esos recursos ni la biodiversidad.*

Estas son as razóns que fundamentan esta moción. Polos motivos expostos, solicitamos o voto favorábel e anuncio que aceptamos a emenda da Marea Atlántica porque complementa e completa a nosa moción.

*Estas son las razones que fundamentan esta moción. Por los motivos expuestos, solicitamos el voto favorable y anuncio que aceptamos la enmienda de la Marea Atlántica porque complementa y completa nuestra moción.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera.

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

Señora Martínez.

*Señora Martínez.*

**Señora Martínez Lema**

***Señora Martínez Lema***

Moitas grazas, señora alcaldesa.

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

Fíxose unha proposta desde a Xunta ás confrarías e aos bateeiros para ampliar o período de extracción da mexilla por un período de un mes onde, ademais, quedarían excluídos 50 quilómetros de costa en toda Galicia e que tivo unha acollida diferente por ambas as partes pero que se espera que funcione.

*Se hizo una propuesta desde la Xunta a las cofradías y a los bateros para ampliar el período de extracción de la mejilla por un período de un mes donde, además, quedarían excluidos 50 kilómetros de costa en toda Galicia y que tuvo una acogida diferente por ambas partes pero que se espera que funcione.*

O que se lles acordou para os bateeiros é unha prórroga excepcional con motivo do coronavirus para a extracción da cría do mexillón durante este mes de xuño e delimitar as zonas onde se retire a mexilla.

*Lo que se acordó para los bateros es una prórroga excepcional con motivo del coronavirus para la extracción de la cría del mejillón durante este mes de junio y delimitar las zonas donde se retire la mejilla.*

Se os socios das federacións das confrarías e os socios das asociacións de bateeiros logran aceptar este acordo, dende logo nós tamén porque é importante que todos poidan traballar e que non se produzan conflitos.

*Si los socios de las federaciones de las cofradías y los socios de las asociaciones de bateros logran aceptar este acuerdo, desde luego nosotros también porque es importante que todos puedan trabajar y que no se produzcan conflictos.*

Ao coincidir as zonas de traballo é

*Al coincidir las zonas de trabajo es*

normal que xurdan conflitos que hai que solucionar e se queremos unha explotación responsable de ambos produtos do mar todos teñen que facer un esforzo por chegar a un entendemento. Se se consegue preservar a extracción do percebe e da mexilla e á vez unha sintonía pacífica entre ambos os dous sectores será, sen dúbida, unha boa medida.

*normal que surjan conflictos que hay que solucionar y si queremos una explotación responsable de ambos productos del mar todos tienen que hacer un esfuerzo por llegar a un entendimiento. Si se consigue preservar la extracción del percebe y de la mejilla y a la vez una sintonía pacífica entre ambos sectores será, sin duda, una buena medida.*

As zonas onde se limita a extracción da mexilla na Coruña provincia son Mera, Roncudo, A Barca, Couso, Sagres e A Torre, polo cal a actividade ten que ser compatible co especial coidado do Espazo Natural de Interese Local no que está incluída a Torre.

*Las zonas donde se limita la extracción de la mejilla en A Coruña provincia son Mera, Roncudo, A Barca, Couso, Sagres y La Torre, por lo cual la actividad tiene que ser compatible con el especial cuidado del Espacio Natural de Interés Local en el que está incluida la Torre.*

Apoiamos esta moción porque, aínda que haxa un acordo, nos parece positiva en aras de evitar posibles conflitos.

*Apoyamos esta moción porque, aunque haya un acuerdo, nos parece positiva en aras de evitar posibles conflictos.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Martínez.

Pola Marea Atlántica, señora García.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Martínez.*

*Por la Marea Atlántica, señora García.*

**Señora García Gómez**

Si, moitas grazas.

Acabamos de pasar case tres meses de pandemia na que fomos testemuñas do mitin diario do presidente da Xunta na televisión pública, fundamentalmente destinado para utilizar de maneira monopolística os medios de comunicación e poñerlle deberes ao Estado central. Iso contrasta coa falta de medidas e de políticas destinadas ao rescate nos eidos nos que a Xunta de Galicia ten a competencia de xestión e un deles é a pesca e o marisqueo. Estamos en absoluto desacordo con ese uso que se fai da televisión pública de todos e de

***Señora García Gómez***

*Sí, muchas gracias.*

*Acabamos de pasar casi tres meses de pandemia en la que fuimos testigos del mitin diario del presidente de la Xunta en la televisión pública, fundamentalmente destinado para utilizar de manera monopolística los medios de comunicación y ponerle deberes al Estado central. Eso contrasta con la falta de medidas y de políticas destinadas al rescate en los ámbitos en los que la Xunta de Galicia tiene la competencia de gestión y uno de ellos es la pesca y el marisqueo. Estamos en absoluto desacuerdo con ese uso que se hace de la*

todas e hai que poñer enriba da mesa que cando se trata de que a Xunta mova ficha as cousas se volven moitísimo máis difíciles.

*televisión pública de todos y de todas y hay que poner encima de la mesa que cuando se trata de que la Xunta mueva ficha las cosas se vuelven muchísimo más difíciles.*

Efectivamente, o sector da pesca e o marisqueo foi un dos afectados, xa non só pola pandemia senón polas medidas de confinamento que levaron ao peche da hostalería, sufrindo unha perda de ventas moi importante e un deterioro dos ingresos nada desprezable, pero aquí non pasa nada, a Xunta non existe, dedícase a outras cousas. Por ese motivo, apoiaremos a moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego, considerando que as demandas son moi sensatas e moi razoables.

*Efectivamente, el sector de la pesca y el marisqueo fue uno de los afectados, ya no solo por la pandemia sino por las medidas de confinamiento que llevaron al cierre de la hostelería, sufriendo una pérdida de ventas muy importante y un deterioro de los ingresos nada despreciable, pero aquí no pasa nada, la Xunta no existe, se dedica a otras cosas. Por ese motivo, apoyaremos la moción que presenta el Bloque Nacionalista Galego, considerando que las demandas son muy sensatas y muy razonables.*

Pero tamén se fala de conflitos históricos que non teñen que ver con este período de pandemia como é o que enfrontou durante este tempo a percebeiros e bateeiros. Un conflito absolutamente cronificado, e gustaríame traer aquí unha noticia do *Ideal Gallego* de 2016 onde os percebeiros denuncian que os bateeiros esquilman de marisco as rochas. Falaban percebeiros da Coruña e facían alusión a que ese conflito se remontaba xa a 15 anos atrás. Parécenos absolutamente lamentable que a Consellería do Mar actúe cando xa o conflito escalou tantísimo que practicamente se pasa á agresión física, non?, á parte de sufrir, efectivamente, un deterioro dos bancos de marisco e do medio ambiente moi notable.

*Pero también se habla de conflictos históricos que no tienen que ver con este período de pandemia como es el que enfrentó durante este tiempo a perceberos y bateros. Un conflicto absolutamente cronificado, y me gustaría traer aquí una noticia del Ideal Gallego de 2016 donde los perceberos denuncian que los bateros esquilman de marisco las rocas. Hablaban perceberos de A Coruña y hacían alusión a que ese conflicto se remontaba ya a 15 años atrás. Nos parece absolutamente lamentable que la Consellería del Mar actúe cuando ya el conflicto escaló tantísimo que prácticamente se pasa a la agresión física, ¿no?, aparte de sufrir, efectivamente, un deterioro de los bancos de marisco y del medio ambiente muy notable.*

A Marea presenta unha emenda con dúas aportacións a esta moción. En primeiro lugar é que a esas áreas reservadas á extracción do percebe se lles engadan a área do Portiño, as Illas de San Pedro e Punta Langosteira, sabendo que son zonas de marisqueo e que utilizan os percebeiros da zona e, por outro lado,

*La Marea presenta una enmienda con dos aportaciones a esta moción. En primer lugar es que a esas áreas reservadas a la extracción del percebe se les añadan el área del Portiño, las Islas de San Pedro y Punta Langosteira, sabiendo que son zonas de marisqueo y que utilizan los perceberos de la zona y, por otro lado,*

que o Concello, en colaboración coa Confraría, a Lonxa, a hostalería e o sector da Cultura pois utilice tamén ese PRESCO para esas medidas de promoción do produto local, neste caso da pesca e do marisqueo de proximidade, que nos parecen medidas positivas dedicadas a contrarrestar ese deterioro das ventas que sufriron nos últimos meses.

*que el Ayuntamiento, en colaboración con la Cofradía, la Lonja, la hostelería y el sector de la Cultura pues utilice también ese PRESCO para esas medidas de promoción del producto local, en este caso de la pesca y del marisqueo de cercanías, que nos parecen medidas positivas dedicadas a contrarrestar ese deterioro de las ventas que sufrieron en los últimos meses.*

É importante coidar eses sectores económicos de proximidade, é importante facelo dende o uso sostible dos recursos e é importante que a Xunta asuma unha vez máis as súas responsabilidades e as súas competencias.

*Es importante cuidar esos sectores económicos de cercanías, es importante hacerlo desde el uso sostenible de los recursos y es importante que la Xunta asuma una vez más sus responsabilidades y sus competencias.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora García.

*Muchas gracias, señora García.*

Polo Grupo Popular, señor Rodríguez.

*Por el Grupo Popular, señor Rodríguez.*

**<u>Señor Rodríguez Martínez</u>**

***<u>Señor Rodríguez Martínez</u>***

Ben, en primeiro lugar gustaríame agradecerlle á alcaldesa que deixase a súa cita de Neruda a medias porque como ben sabe, continúa *"e óesme dende lonxe e a miña voz non te toca. Parece que os ollos se che tiveran voado e parece que un bico che pechase a boca*", e iso, a verdade é que, cuestións persoais á parte, sería dunha crueldade innecesaria co Grupo da Marea.

*Bien, en primer lugar me gustaría agradecerle a la alcaldesa que dejase su cita de Neruda a medias porque como bien sabe, continúa* "y me oyes desde lejos y mi voz no te toca. Parece que los ojos se te hubieran volado y parece que un beso te cerrara la boca", *y eso, la verdad es que, cuestiones personales aparte, sería de una crueldad innecesaria con el Grupo de la Marea.*

**Ás trece horas e vinte e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor Díaz Villoslada.**

***A las trece horas y veintidós minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Villoslada.***

Señor Jorquera, de verdade que esta é unha moción que xera certo estrés. É algo estresante, non interesante, tamén pola importancia do sector na nosa economía, na economía da cidade, pero estresante

*Señor Jorquera, de verdad que esta es una moción que genera cierto estrés. Es algo estresante, no interesante, también por la importancia del sector en nuestra economía, en la economía de la ciudad,*

porque vai ser moi complicado que eu poida dicirlle en 3 minutos todas as medidas que, dende o inicio da pandemia, está a desenvolver a Xunta de Galicia en apoio ao sector pesqueiro. Aínda así roubo uns segundos para dicirlle que Galicia é líder en enerxías renovables.

*pero estresante porque va a ser muy complicado que yo pueda decirle en 3 minutos todas las medidas que, desde el inicio de la pandemia, está desarrollando la Xunta de Galicia en apoyo al sector pesquero. Aun así robo unos segundos para decirle que Galicia es líder en energías renovables.*

Fala vostede de medidas para garantir a actividade, recomendacións e indicacións de seguridade e hixiene para o desenvolvemento de actividades na pesca, nas lonxas e no marisqueo. O 15 de abril: reparto de 30.000 máscaras para profesionais da pesca, marisqueo, lonxas e sector bateeiro; desinfección de espazos portuarios; realización de tests ás tripulacións e protocolo de actuación ante a presenza de coronavirus a bordo de pesqueiros; control dos moluscos bivalvos que permitiron a venda de 15.000 toneladas de recursos marisqueiros con todas as garantías sanitarias durante a pandemia.

*Habla usted de medidas para garantizar la actividad, recomendaciones e indicaciones de seguridad e higiene para el desarrollo de actividades en la pesca, en las lonjas y en el marisqueo. El 15 de abril: reparto de 30.000 máscaras para profesionales de la pesca, marisqueo, lonjas y sector bateero; desinfección de espacios portuarios; realización de tests a las tripulaciones y protocolo de actuación ante la presencia de coronavirus a bordo de pesqueros; control de los moluscos bivalvos que permitieron la venta de 15.000 toneladas de recursos marisqueros con todas las garantías sanitarias durante la pandemia.*

Ante outras administracións, aclaracións ante o Goberno do Estado do cese de actividade do marisqueo ante as dificultades de realización conforme ás normas de prevención. Demandas ante a Unión Europea de axudas á articulación das mesmas mediante a flexibilización do FEMP e petición de inclusión do marisqueo ao pé destas axudas. En relación coas mesmas, lembrar que a Xunta articula as axudas aos sectores do marisqueo, recursos específicos, acuicultura e transformación, así como a organizacións de produtores. É que estas achegas realízanse sen recibir fondos adicionais do FEMP, é dicir, todo o esforzo o soportará Galicia.

*Ante otras administraciones, aclaraciones ante el Gobierno del Estado del cese de actividad del marisqueo ante las dificultades de realización conforme a las normas de prevención. Demandas ante la Unión Europea de ayudas a la articulación de las mismas mediante la flexibilización del FEMP y petición de inclusión del marisqueo al pie de estas ayudas. En relación con las mismas, recordar que la Xunta articula las ayudas a los sectores del marisqueo, recursos específicos, acuicultura y transformación, así como a organizaciones de productores. Es que estas aportaciones se realizan sin recibir fondos adicionales del FEMP, es decir, todo el esfuerzo lo soportará Galicia.*

En canto ás demandas para favorecer tamén a actividade da flota de gran altura e liñas de achega da liquidez: préstamos

*En cuanto a las demandas para favorecer también la actividad de la flota de gran altura y líneas de aportación de la*

de apoios á industria marítimo-pesqueira dende o 4 de abril, con 9,4 millóns de euros de liquidez mediante financiamento do tráfico comercial, préstamos avalados e a baixas empresas; flexibilidade coas taxas portuarias, dende o 4 de abril tamén, 7,25 millóns de euros de liquidez; axilización da tramitación das axudas comprometidas, dende o 14 de marzo, 19 millóns en axudas xa resoltas, todas elas para o abono de fondos xa investidos ou de novas necesidades derivadas da covid-19.

*liquidez: préstamos de apoyos a la industria marítimo-pesquera desde el 4 de abril, con 9,4 millones de euros de liquidez mediante financiación del tráfico comercial, préstamos avalados y a bajas empresas; flexibilidad con las tasas portuarias, desde el 4 de abril también, 7,25 millones de euros de liquidez; agilización de la tramitación de las ayudas comprometidas, desde el 14 de marzo, 19 millones en ayudas ya resueltas, todas ellas para el abono de fondos ya invertidos o de nuevas necesidades derivadas de la covid-19.*

Falaba vostede tamén da solicitude de mediación da Xunta no conflito entre bateeiros e percebeiros. Chegan vostedes tarde. A Xunta xa emitiu recentemente dúas resolucións polas que prorroga a extracción de mexilla durante o mes de xullo e adopta medidas para garantir a convivencia pacífica entre bateeiros e percebeiros, froito dos contactos mantidos coas dúas partes para facer fronte a esta situación extraordinaria.

*Hablaba usted también de la solicitud de mediación de la Xunta en el conflicto entre bateros y perceberos. Llegan ustedes tarde. La Xunta ya emitió recientemente dos resoluciones por las que prorroga la extracción de mejilla durante el mes de julio y adopta medidas para garantizar la convivencia pacífica entre bateros y perceberos, fruto de los contactos mantenidos con las dos partes para hacer frente a esta situación extraordinaria.*

Sobre o Espazo Natural de Interese Local seguro que o Goberno lle dará tamén cumprida información, pero o plan de conservación redactado polo Concello e xa co visto e prace da Xunta establece a normativa e as medidas de xestión necesarias para garantir os valores naturais do ENIL nos próximos 6 anos e iso supón unha garantía de pervivencia das especies e hábitats presentes cunha serie de medidas ás que se fará unha achega de 100.000 €, aínda que o ENIL non ten por que levar asignación de recursos económicos por parte da Xunta.

*Sobre el Espacio Natural de Interés Local seguro que el Gobierno le dará también cumplida información, pero el plan de conservación redactado por el Ayuntamiento y ya con el visto bueno de la Xunta establece la normativa y las medidas de gestión necesarias para garantizar los valores naturales del ENIL en los próximos 6 años y eso supone una garantía de pervivencia de las especies y hábitats presentes con una serie de medidas a las que se hará una aportación de 100.000 €, aunque el ENIL no tiene por qué llevar asignación de recursos económicos por parte de la Xunta.*

En todo caso, aínda que penso que este tempo reducido non lle fixo xustiza a toda a batería de medidas que veño de resumir, si que quero dicir que non

*En todo caso, aunque pienso que este tiempo reducido no le hizo justicia a toda la batería de medidas que vengo de resumir, sí que quiero decir que no*

queremos frustrar a súa petición e, polo tanto, sendo cousas coas que estamos de acordo pero que se están facendo, anunciamos que nos absteremos nesta moción.

*queremos frustrar su petición y, por lo tanto, siendo cosas con las que estamos de acuerdo pero que se están haciendo, anunciamos que nos abstendremos en esta moción.*

Máis nada e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Rodríguez.

*Muchas gracias, señor Rodríguez.*

Pecha o turno o señor Lage Tuñas polo Grupo Socialista.

*Cierra el  turno el señor Lage Tuñas por el Grupo Socialista.*

**Señor Lage Tuñas**

***Señor Lage Tuñas***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Señor Jorquera, adiántolle que o noso Grupo vai a votar favorablemente esta iniciativa. Entendemos tanto o fondo substanciado nas propostas que traen aquí, como tamén a exposición que vostede fixo, sendo coincidente en moitos aspectos coas políticas que nós vimos defendendo no ámbito do sector primario, neste caso concretamente do sector pesqueiro.

*Señor Jorquera, le adelanto que nuestro Grupo va a votar favorablemente esta iniciativa. Entendemos tanto el fondo sustanciado en las propuestas que traen aquí, como también la exposición que usted hizo, siendo coincidente en muchos aspectos con las políticas que nosotros venimos defendiendo en el ámbito del sector primario, en este caso concretamente del sector pesquero.*

Cabe recordar que o mar é para nós un sector estratéxico dentro da economía galega, e tamén nomeadamente nesta cidade. Non debemos esquecer que estamos diante do porto máis importante de España en descargas de peixes e mariscos frescos con máis de 40.000 toneladas ao ano que pasan pola nosa lonxa. E dende aquí distribúense non só na cidade senón ao resto de España, exportándose tamén a outros países.

*Cabe recordar que el mar es para nosotros un sector estratégico dentro de la economía gallega, y también especialmente en esta ciudad. No debemos olvidar que estamos ante el puerto más importante de España en descargas de pescados y mariscos frescos con más de 40.000 toneladas al año que pasan por nuestra lonja. Y desde aquí se distribuyen no solo en la ciudad sino al resto de España, exportándose también a otros países.*

Polo tanto, cando se fala do mar e do sector pesqueiro, do sector extractivo, do sector marisqueiro nesta cidade non estamos a falar de algo que sexa, digamos, menor. Estamos a falar dun sector que é relevante.

*Por lo tanto, cuando se habla del mar y del sector pesquero, del sector extractivo, del sector marisquero en esta ciudad no estamos hablando de algo que sea, digamos, menor. Estamos hablando de un sector que es relevante.*

Recollo, ademais, a proposta, a invitación que facía a señora García ao falar do PRESCO. Xa ve, señora García, que o PRESCO, para non ser ambicioso, tamén pode valer para botar unha man no ámbito do sector pesqueiro e marisqueiro e, polo tanto, paréceme que todos podemos coincidir en que se se pode botar unha man, botarase.

Ao final está claro que é moito mellor falar moito máis de Neruda que estar cabreados. Vainos a ir moito mellor a todos porque o vamos a levar, seguramente, doutro xeito.

Da pesca nesta cidade viven en torno a 10.000 persoas, só tendo en conta os empregos directos vinculados á propia pesca, á comercialización e ao transporte. Nós entendemos que é esencial facer a defensa dos intereses do sector que se fixo hoxe aquí, e ademais entendemos que reivindicar, diante da Administración Autonómica, que é a competente, é dicir, que a Xunta de Galicia sexa capaz de establecer un diálogo constante co sector para coñecer as súas necesidades, mellorar a súa seguridade e introducir garantías de carácter económico sobre o seu futuro, é algo que forma parte do ámbito competencial da Comunidade Autónoma, pero tamén debe formar parte do que se denomina o compromiso de país. É dicir, un equilibrio necesario entre os diferentes sectores económicos e desde logo tendo en conta algo que forma parte tamén da nosa especificidade. É dicir, nós podemos ter un plus, podemos ter unha iniciativa moito maior ca outras comunidades en determinados terreos e este é un deles, polo tanto, non só cabe pedir diálogo senón tamén traballar no terreo da comercialización, traballar no terreo da resolución dos problemas... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**

*Recojo, además, la propuesta, la invitación que hacía la señora García al hablar del PRESCO. Ya ve, señora García, que el PRESCO, para no ser ambicioso, también puede valer para echar una mano en el ámbito del sector pesquero y marisquero y, por lo tanto, me parece que todos podemos coincidir en que si se puede echar una mano, se echará.*

*Al final claro está que es mucho mejor hablar mucho más de Neruda que estar enfadados. Nos va a ir mucho mejor a todos porque lo vamos a llevar, seguramente, de otro modo.*

*De la pesca en esta ciudad viven en torno a 10.000 personas, solo teniendo en cuenta los empleos directos vinculados a la propia pesca, a la comercialización y al transporte. Nosotros entendemos que es esencial hacer la defensa de los intereses del sector que se hizo hoy aquí, y además entendemos que reivindicar, delante de la Administración Autonómica, que es la competente, es decir, que la Xunta de Galicia sea capaz de establecer un diálogo constante con el sector para conocer sus necesidades, mejorar su seguridad e introducir garantías de carácter económico sobre su futuro, es algo que forma parte del ámbito competencial de la Comunidad Autónoma, pero también debe formar parte de lo que se denomina el compromiso de país. Es decir, un equilibrio necesario entre los diferentes sectores económicos y desde luego teniendo en cuenta algo que forma parte también de nuestra especificidad. Es decir, nosotros podemos tener un plus, podemos tener una iniciativa mucho mayor que otras comunidades en determinados terrenos y este es uno de ellos, por lo tanto, no solo cabe pedir diálogo sino también trabajar en el terreno de la comercialización, trabajar*

...remato, señora alcaldesa... pensando que o motor económico non é exclusivamente dependente dun sector. A pesca e o marisqueo son sectores importantes e nós vámoslle dar o noso apoio a un problema que é vello pero que, desde logo, necesita solución.

*en el terreno de la resolución de los problemas...* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *...finalizo, señora alcaldesa... pensando que el motor económico no es exclusivamente dependiente de un sector. La pesca y el marisqueo son sectores importantes y nosotros vamos a darle nuestro apoyo a un problema que es viejo pero que, desde luego, necesita solución.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Señor Jorquera, desculpe porque non escoitei. Acepta a emenda da Marea? Ben, pois votamos xa a moción coa emenda incorporada.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Señor Jorquera, disculpe porque no escuché. ¿Acepta la enmienda de la Marea? Bien, pues votamos ya la moción con la enmienda incorporada.*

**Votación da primeira moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, con emenda de adición do Grupo Municipal da Marea Atlántica**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción do Bloque Nacionalista Galego coa emenda de adición do Grupo Municipal da Marea Atlántica sobre medidas para o sector do mar, votando ao mesmo tempo as señoras concelleiras e os señores concelleiros presentes no Salón de Plenos e a señora concelleira que asiste telematicamente a este Pleno, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).

***Votación de la primera moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, con enmienda de adición del Grupo Municipal de la Marea Atlántica***

*Seguidamente por la Presidencia se somete l votación la primera moción del Bloque Nacionalista Galego con la enmienda de adición del Grupo Municipal de la Marea Atlántica sobre medidas para el sector del mar, votando al mismo tiempo las señoras concejales y los señores concejales presentes en el Salón de Plenos y la señora concejala que asiste telemáticamente a este Pleno, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (6 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto (1 voto).

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas. Queda aprobada a moción.

**88.- Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego con emenda de adición do Grupo Municipal da Marea Atlántica sobre medidas para o sector do mar.**

**<u>Acordo</u>**

1. Demandar da Xunta de Galiza o impulso de medidas para facer fronte ás consecuencias socioeconómicas da crise do covid-19 no sector do mar e a adopción das medidas necesarias para garantir a protección dos traballadores e das traballadoras deste sector.

2. Demandar da Xunta de Galiza a posta en marcha de axudas para garantir a actividade das confrarías.

3. Instar ao Goberno municipal a solicitar que a Xunta de Galiza reclame as modificacións que sexan necesarias para axilizar o uso dos fondos que veñen da Unión Europea, incluída a demanda de fondos FEMP (Fondo Europeo Marítimo e da Pesca), para que as persoas afectadas poidan percibir axudas que lle permitan sobrevivir e garantir a plena salvagarda dos dereitos dos profesionais do mar de Galiza.

4. Instar ao Goberno municipal a demandar da Xunta de Galiza que exerza un labor de mediación no conflito entre bateeiros/as e percebeiros/as e a

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

*Vota a favor el Grupo Mixto (1 voto).*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias. Queda aprobada la moción.*

***88.- Moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, con enmienda de adición del Grupo Municipal de la Marea Atlántica, sobre medidas para el sector del mar.***

***<u>Acuerdo</u>***

*1. Demandar de la Xunta de Galicia el impulso de medidas para hacer frente a las consecuencias socioeconómicas de la crisis del covid-19 en el sector del mar y la adopción de las medidas necesarias para garantizar la protección de los trabajadores y de las trabajadoras de este sector.*

*2. Demandar de la Xunta de Galicia la puesta en marcha de ayudas para garantizar la actividad de las cofradías.*

*3. Instar al Gobierno municipal a solicitar que la Xunta de Galicia reclame las modificaciones que sean necesarias para agilizar el uso de los fondos que vienen de la Unión Europea, incluida la demanda de fondos FEMP (Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca), para que las personas afectadas puedan percibir ayudas que le permitan sobrevivir y garantizar la plena salvaguarda de los derechos de los profesionales del mar de Galicia.*

*4. Instar al Gobierno municipal a demandar de la Xunta de Galicia que ejerza una labor de mediación en el conflicto entre bateeros/as y*

establecer un modelo de aproveitamento de cría de mexillón, que delimite a época, forma e zonas nas que se pode proceder a súa extracción sen poñer en risco o percebe -e outras especies coas que comparte hábitat- e a vixiar e controlar de maneira axeitada a explotación dos recursos mariños.

*perceberos/as y a establecer un modelo de aprovechamiento de cría de mejillón, que delimite la época, forma y zonas en las que se puede proceder su extracción sin poner en riesgo el percebe -y otras especies con las que comparte hábitat- y a vigilar y controlar de manera idónea la explotación de los recursos marinos.*

5. Instar ao Goberno municipal e á Xunta de Galiza a adoptar as medidas oportunas para que o aproveitamento económico dos recursos das zonas declaradas Espazos Naturais de Interese Local non ameace a sustentabilidade dos recursos e a biodiversidade.

*5. Instar al Gobierno municipal y a la Xunta de Galicia a adoptar las medidas oportunas para que el aprovechamiento económico de los recursos de las zonas declaradas Espacios Naturales de Interés Local no amenace la sostenibilidad de los recursos y la biodiversidad.*

As zonas reservadas para a extracción sostible do percebe no Concello da Coruña e limítrofes, concretamente a Torre de Hércules e os Faros de Mera, debe engadirse a área do Portiño, Illas de San Pedro e Punta Langosteira.

*Las zonas reservadas para la extracción sostenible del percebe en el Ayuntamiento de A Coruña y limítrofes, concretamente la Torre de Hércules y los Faros de Mera, debe añadirse el área del Portiño, Islas de San Pedro y Punta Langosteira.*

6. Instar ao Goberno local, en colaboración coa Lonxa, a Confraría, o Consorcio de Turismo, a hostalería e o sector cultural da cidade, a abordar campañas de promoción e posta en valor o produto pesqueiro e marisqueiro de proximidade.

*6. Instar al Gobierno local, en colaboración con la Lonja, la Cofradía, el Consorcio de Turismo, la hostelería y el sector cultural de la ciudad, a abordar campañas de promoción y puesta en valor el producto pesquero y marisquero de proximidad.*

**Segunda.- Moción sobre a lingua galega.**

***Segunda.- Moción sobre la lengua gallega.***

**Sobre esta moción o Grupo Municipal da Marea Atlántica presenta unha emenda de adición, que é aceptada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.**

***Sobre esta moción el Grupo Municipal de la Marea Atlántica presenta una enmienda de adición, que es aceptada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Segunda moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a lingua galega. Hai unha emenda de adición da Marea Atlántica.

*Segunda moción del Bloque Nacionalista Galego sobre la lengua gallega. Hay una enmienda de adición de la Marea Atlántica.*

Señora Veira.

*Señora Veira.*

**<u>Señora Veira González</u>**

Si, comezo xa dicindo que aceptamos a emenda da Marea Atlántica a esta moción.

Ben, trátase dunha moción en defensa, como di o propio inicio desta moción, unha moción en defensa da lingua galega. É certo que estamos en xuño e estas cuestións adóitanse circunscribir ao mes de maio, pero a nosa intención con esta moción é desestacionalizar –se o queremos dicir así– a defensa da lingua galega e adiala a todo o ano, as 24 horas do día, os 365 días do ano. Cremos que, como ben di a moción, o proceso de normalización da lingua galega impulsado até o día de hoxe por parte das administracións públicas non foi suficiente para garantir o dereito a vivir libremente na lingua propia de Galiza. Eu convido a todos os concelleiros e a todas as concelleiras desta Corporación a que intenten vivir durante unha semana as 24 horas do día en galego, porque realmente hai serias dificultades para completar a vida integramente en galego, desde as complicacións sociais de vivirmos nun país con diglosia a dificultades que existen tamén no ámbito público e en diferentes ámbitos como o dos medios de comunicación, etc., etc.

Constátanse importantes vulneracións á legalidade vixente, como o Estatuto de Autonomía, a Lei de normalización lingüística ou a Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias. Mais tamén existe un importante desleixo por parte da Xunta de Galiza, a posta en marcha de políticas que favorezan o uso do galego e contribúan –que isto é o importante– a aumentar o número de galegofalantes.

***<u>Señora Veira González</u>***

*Sí, comienzo ya diciendo que aceptamos la enmienda de la Marea Atlántica a esta moción.*

*Bien, se trata de una moción en defensa, como dice el propio inicio de esta moción, una moción en defensa de la lengua gallega. Es cierto que estamos en junio y estas cuestiones se suelen circunscribir al mes de mayo, pero nuestra intención con esta moción es desestacionalizar –si lo queremos decir así– la defensa de la lengua gallega y retrasarla a todo el año, las 24 horas del día, los 365 días del año. Creemos que, como bien dice la moción, el proceso de normalización de la lengua gallega impulsado hasta el día de hoy por parte de las administraciones públicas no fue suficiente para garantizar el derecho a vivir libremente en la lengua propia de Galicia. Yo invito a todos los concejales y a todas las concejalas de esta Corporación a que intenten vivir durante una semana las 24 horas del día en gallego, porque realmente hay serias dificultades para completar la vida íntegramente en gallego, desde las complicaciones sociales de vivir en un país con diglosia a dificultades que existen también en el ámbito público y en diferentes ámbitos como el de los medios de comunicación, etc., etc.*

*Se constatan importantes vulneraciones a la legalidad vigente, como el Estatuto de Autonomía, la Ley de Normalización Lingüística o la Carta Europea de Lenguas Regionales o Minoritarias. Pero también existe una importante dejadez por parte de la Xunta de Galicia, la puesta en marcha de políticas que favorezcan el uso del gallego y contribuyan –que esto es lo importante– a aumentar el número de gallegohablantes.*

A política lingüística emprendida polo actual goberno galego non vai na dirección correcta e así o demostran os diferentes estudos realizados polo Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega en relación á lingua, tamén do Instituto Galego de Estatística, datos aos que eu facía referencia no pasado Pleno ao respecto da aprobación do Regulamento de escolas infantís. Datos tan elocuentes como que en 2008 un 25%, que xa é pouco, unha cuarta parte dos nenos e das nenas entre 5 e 14 anos aprenderan a falar en galego e en 2018, 10 anos despois só o fixeran un 18%.

*La política lingüística emprendida por el actual gobierno gallego no va en la dirección correcta y así lo demuestran los diferentes estudios realizados por el Consello da Cultura Galega y la Real Academia Galega en relación a la lengua, también del Instituto Gallego de Estadística, datos a los que yo hacía referencia en el pasado Pleno respecto de la aprobación del Reglamento de escuelas infantiles. Datos tan elocuentes como que en 2008 un 25%, que ya es poco, una cuarta parte de los niños y de las niñas entre 5 y 14 años habían aprendido a hablar en gallego y en 2018, 10 años después solo lo habían hecho un 18%.*

A perda de transmisión xeracional do galego é un feito que pode rematar coa saúde da nosa lingua e non acontece por casualidade. Hai medidas políticas que se poden poñer en marcha e é o que pretendemos con esta moción: animar ao Goberno galego a que emprenda o camiño da defensa da lingua galega.

*La pérdida de transmisión generacional del gallego es un hecho que puede finalizar con la salud de nuestra lengua y no sucede por casualidad. Hay medidas políticas que se pueden poner en marcha y es lo que pretendemos con esta moción: animar al Gobierno gallego a que emprenda el camino de la defensa de la lengua gallega.*

**Ás trece horas e trinta e tres minutos sae do Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.**

***A las trece horas y treinta y tres minutos sale del Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.***

Cremos, ademais, que esta pandemia nos deixa un mal sabor de boca porque o cambio ou o empeoramento da actitude do presidente da Xunta de Galicia dirixíndose en castelán na maior parte das súas intervencións **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** non só orais senón tamén nas redes sociais, supón un desprezo á nosa lingua que cremos que é absolutamente inaceptábel.

*Creemos, además, que esta pandemia nos deja un mal sabor de boca porque el cambio o el empeoramiento de la actitud del presidente de la Xunta de Galicia dirigiéndose en castellano en la mayor parte de sus intervenciones* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *no solo orales sino también en las redes sociales, supone un desprecio a nuestra lengua que creemos que es absolutamente inaceptable.*

Nada máis.

*Nada más.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Veira.

Señora Martínez.

**<u>Señora Martínez Lema</u>**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Ademais do mes de maio, como apuntaba a señora Veira, este debate sempre xurde en campaña electoral e como así o entendo pois tampouco me vou estender moito nesta exposición.

Eu creo que o plurilingüismo debe ser unha vantaxe para as persoas, nunca unha barreira. Penso que hai que defender o uso das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade e que hai que garantir o dereito das persoas a elixir.

Claro que hai que defender e protexer a nosa lingua, claro que hai que apostar por ela, pero nunca a costa de obrigar a usala. E o señor Feijóo fala castelán nas súas intervencións porque na maioría das veces hai televisións nacionais e precisamente para que se lle entenda e que non lle teñan que poñer subtítulos, por iso fala castelán. Non son eu a que teño que defender ao señor Feijóo pero é evidente que non o fai por menosprezar a lingua galega e a mesma mensaxe que transmite en castelán, pois antes ou despois a repite en galego as veces que faga falta.

A mensaxe é clara: hai que garantir a igualdade de oportunidades, tamén no uso das linguas.

Neste caso ímonos abster nesta moción.

Moitas grazas.

**<u>Presidencia</u>**

*Muchas gracias, señora Veira.*

*Señora Martínez.*

***<u>Señora Martínez Lema</u>***

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Además del mes de mayo, como apuntaba la señora Veira, este debate siempre surge en campaña electoral y como así lo entiendo pues tampoco me voy a extender mucho en esta exposición.*

*Yo creo que el plurilingüismo debe ser una ventaja para las personas, nunca una barrera. Pienso que hay que defender el uso de las dos lenguas oficiales de nuestra Comunidad y que hay que garantizar el derecho de las personas a elegir.*

*Claro que hay que defender y proteger nuestra lengua, claro que hay que apostar por ella, pero nunca a costa de obligar a usarla. Y el señor Feijóo habla castellano en sus intervenciones porque en la mayoría de las veces hay televisiones nacionales y precisamente para que se le entienda y que no le tengan que poner subtítulos, por eso habla castellano. No soy yo la que tengo que defender al señor Feijóo pero es evidente que no lo hace por menospreciar la lengua gallega y el mismo mensaje que transmite en castellano, pues antes o después lo repite en gallego las veces que haga falta.*

*El mensaje es claro: hay que garantizar la igualdad de oportunidades, también en el uso de las lenguas.*

*En este caso nos vamos a abstener en esta moción.*

*Muchas gracias.*

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora Martínez.

Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

**Señor Martínez Durán**

Bo día, case boa tarde ao conxunto da Corporación, persoal municipal, xornalistas, veciños e veciñas que nos seguen, vexo que maiormente a través do *streaming*.

Imos votar a favor desta moción. Non preciso estenderme demasiado para argumentalo. Sabe perfectamente o BNG que compartimos o espírito da iniciativa e seguramente sexa así, que compartimos o espírito porque tamén compartimos o diagnóstico sobre o que supuxeron Feijóo e o seu mal chamado gueto do plurilingüismo –antecedente, por certo, do pin parental nalgunhas cuestións– para o galego e para os seus falantes en Galicia. Pois basicamente o mesmo que a lei mordaza, un retroceso en materia de dereitos sociais e culturais como vén de denunciar o relator especial das Nacións Unidas.

Á vista de que o BNG acepta na súa literalidade a emenda proposta pola Marea Atlántica, cousa que agradezo, entendo que tamén compartimos o diagnóstico sobre o que o Partido Socialista supuxo e supón para o galego na cidade da Coruña, historicamente e tamén na etapa actual. Por iso na nosa emenda instamos ao Goberno da señora Rey, como fan vostedes co de Feijóo, a empregar a lingua galega en todas as súas manifestacións públicas, cousa que non fai, e por iso propoñemos tamén retomar o impulso da normativa na Ordenanza para a protección e dinamización do uso do galego neste Concello que foi bloqueada durante o pasado mandato. Un pouco de memoria coa mellor das intencións.

*Muchas gracias, señora Martínez.*

*Por la Marea Atlántica, señor Martínez.*

***Señor Martínez Durán***

*Buenos días, casi buenas tardes al conjunto de la Corporación, personal municipal, periodistas, vecinos y vecinas que nos siguen, veo que mayormente a través de la retransmisión en directo.*

*Vamos a votar a favor de esta moción. No preciso extenderme demasiado para argumentarlo. Sabe perfectamente el BNG que compartimos el espíritu de la iniciativa y seguramente sea así, que compartimos el espíritu porque también compartimos el diagnóstico sobre lo que supusieron Feijóo y su mal llamado gueto del plurilingüismo –antecedente, por cierto, del pin parental en algunas cuestiones– para el gallego y para sus hablantes en Galicia. Pues básicamente lo mismo que la ley mordaza, un retroceso en materia de derechos sociales y culturales como acaba de denunciar el ponente especial de las Naciones Unidas.*

*A la vista de que el BNG acepta en su literalidad la enmienda propuesta por la Marea Atlántica, cosa que agradezco, entiendo que también compartimos el diagnóstico sobre lo que el Partido Socialista supuso y supone para el gallego en la ciudad de A Coruña, históricamente y también en la etapa actual. Por eso en nuestra enmienda instamos al Gobierno de la señora Rey, como hacen ustedes con el de Feijóo, a emplear la lengua gallega en todas sus manifestaciones públicas, cosa que no hace, y por eso proponemos también retomar el impulso de la normativa en la Ordenanza para la protección y dinamización del uso del gallego en este Ayuntamiento que fue bloqueada durante el pasado mandato. Un poco de memoria*

*con la mejor de las intenciones.*

**Ás trece horas e trinta e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.**

Recordará moito mellor ca min, señora Veira, o que lle pasou á Ordenanza de normalización lingüística que o BNG intentou impulsar cando compartía goberno municipal co, se me permiten a broma, auto denominado Partido Socialista de Javier Losada. Non prosperou esa ordenanza e estou seguro, estou seguro, completamente seguro de que non foi por falta de vontade política por parte do BNG.

Algo similar nos pasou a nós en maio de 2018. Intentamos impulsar unha ordenanza a partir dunha proposta elaborada polo Servizo de Normalización –proposta magnífica, por certo– e o PSOE, sabedor de que os seus votos eran necesarios para aprobala, nos forzou a deixala nun caixón. Así eran as cousas daquela, señores, digan o que digan agora.

No que eu chamo cariñosamente a biblioteca básica do concelleiro, que son os libros do compañeiro Manuel Monge sobre a política local das últimas décadas na Coruña, repróchanlle ao BNG o silencio co que respondeu naquel momento, durante os 4 anos do bipartito, ás reiteradas imposicións do PSOE. Eu non estaba alí pero, honestamente, creo que a acusación é inxusta porque calquera cun mínimo de sentido común pode imaxinar as dificultades de xestionar as discrepancias cando se comparte goberno con outra forza política.

Hoxe o PSOE, agás na distopía do señor Villoslada, goberna aquí en solitario, en minoría, así que non hai ningunha razón para o silencio. Non pasa nada por

***A las trece horas y treinta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.***

*Recordará mucho mejor que yo, señora Veira, lo que le pasó a la Ordenanza de normalización lingüística que el BNG intentó impulsar cuando compartía gobierno municipal con el, si me permiten la broma, autodenominado Partido Socialista de Javier Losada. No prosperó esa ordenanza y estoy seguro, estoy seguro, completamente seguro de que no fue por falta de voluntad política por parte del BNG.*

*Algo similar nos pasó a nosotros en mayo de 2018. Intentamos impulsar una ordenanza a partir de una propuesta elaborada por el Servicio de Normalización –propuesta magnífica, por cierto– y el PSOE, sabedor de que sus votos eran necesarios para aprobarla, nos forzó a dejarla en un cajón. Así eran las cosas entonces, señores, digan lo que digan ahora.*

*En lo que yo llamo cariñosamente la biblioteca básica del concejal, que son los libros del compañero Manuel Monge sobre la política local de las últimas décadas en A Coruña, le reprochan al BNG el silencio con el que respondió en aquel momento, durante los 4 años del bipartito, a las reiteradas imposiciones del PSOE. Yo no estaba allí pero, honestamente, creo que la acusación es injusta porque cualquiera con un mínimo de sentido común puede imaginar las dificultades de gestionar las discrepancias cuando se comparte gobierno con otra fuerza política.*

*Hoy el PSOE, excepto en la distopía del señor Villoslada, gobierna aquí en solitario, en minoría, así que no hay ninguna razón para el silencio. No pasa*

recoñecer que, en canto ao uso habitual do galego, este goberno supuxo un paso atrás con respecto ao que lideraba Xulio Ferreiro, coa excepción, claro, do novo Regulamento das escolas infantís proposto pola Marea Atlántica, cuestionado –como non podía ser doutro xeito– polo Partido Popular e polo Grupo antes coñecido como Ciudadanos. E non pasa nada tampouco, señora Veira, señor Jorquera, porque naquelas cuestións nas que estamos de acordo, como este é o caso, empurremos xuntos a un goberno que, volvo a recordar, está en minoría. Agardo que así sexa no futuro con esta Ordenanza de normalización lingüística que propoñemos.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Martínez.

Polo Grupo Popular, señor Rodríguez.

**Señor Rodríguez Martínez**

